Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asignación fixa por concello: 25.975 €

Asignación por habitante (*): 10 €

(*) Habitantes: máximo por concello: 26.000 €.

(*) Habitantes: mínimo por concello: 12.500 €.

Asignación por entidade de poboación: 85 €.

Esta asignación inicial corríxese cos seguintes coeficientes:

a) Superficie do concello:

Superficie do concello, $S < 50 \text{ km}^2$: decrecemento 10 %.

Superficie do concello, $50 < S < 100 \text{ km}^2$: sen variación.

Superficie do concello, $100 < S < 200 \text{ km}^2$: incremento 10 %.

Superficie do concello, $S > 200 \text{ km}^2$: incremento 20 %.

b) Coeficiente de agrariedade do concello:

Agrariedade, $A < 60 \%$: decrecemento 10 %.

Agrariedade, $60 \% < A < 100 \%$: sen variación.

Agrariedade, $A > 100 \%$: incremento 10 %.

c) Grao de despoboamento $> 20 \%$: incremento 10 %.

d) Zona de montaña: incremento 5 %.

Datos de cálculo:

- Despoboamento: evolución demográfica. Prímanse os concellos con demografía negativa (habitantes 1999-habitantes 2023/habitantes 2023).
- Zona de montaña: Prímanse os concellos que teñen a consideración de zonas de montaña, segundo a definición que resulta da medida 13 do PDR de Galicia 2014-2020.
- Coeficiente de agrariedade calcúlase do seguinte xeito coa seguinte formula polinómica:

$$A = 0,3 \cdot Ex + 0,35 \cdot S + 0,15 \cdot Ep + 0,2 \cdot M$$

Ex = % Numero total explotacións/poboación total concello.

S = % Superficie declaración PAC/superficie total concello.

Ep = % Explotacións prioritarias/explotacións totais concello.

M = Maquinaria agraria automotriz concello/poboación total concello.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Datos utilizados:

Entidades singulares de poboación: Nomenclátor IGE 2023

Superficie dos concellos: IGE 2023

Poboación total concellos: IGE 2023

Despoboamento: IGE 1999 e 2023

Agrariedade: REAGA 2023, ROMA 2023 e Declaración PAC 2023.

De cara ao ano 2026, e tendo en conta que a data desta contestación se trata de previsións orzamentarias e que poden variar, a Consellería do Medio Rural, ten previsto seguir dotando orzamentariamente o Plan Camiña Rural, nunha contía similar a dos anos anteriores".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/08/2025 15:42:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30415
Data envío: 04/08/2025 15:42:14.576

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 27949**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López e dona Carmen Rodríguez Dacosta, sobre "**a postura da Xunta de Galicia respecto da necesidade de homoxeneizar o produto para impulsar o desenvolvemento do sector da carne de vacún**", convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Por proposta do Consello Regulador das IXPs Ternera Gallega e Vaca Gallega – Buey Gallego (como organización de produtores recoñecida para a xestión das dúas IXPs) a Axencia Galega da Calidade Alimentaria tramitou a modificación do Prego de Condicións da IXP Ternera Gallega co acabado e acortellado obrigatorio dos animais de Ternera Gallega Suprema nos 2 últimos meses antes do sacrificio.

Esta medida estaba contemplada como prioritaria na Estratexia da Carne de Galicia (2022-2023) e no Manual de Sistemas de Manexo e Alimentación en Ternera Gallega Suprema (2023), ambas actuacións promovidas pola Consellería do Medio Rural e foron desenvolvidas en colaboración co sector.

O desequilibrio estacional está asociado esencialmente á produción de Ternera Gallega Suprema (TGS). Adoptar medidas para evitar ou limitar este desequilibrio produtivo implica en moitos casos alterar o manexo da cabana e a xestión das praderías, cos custos engadidos que se xeran.

Desde fai anos, desde o Consello Regulador estase intentando convencer aos gandeiros dos beneficios económicos de traballar na planificación de partos pero para lograr a súa implicación sería necesario unha diferenza de prezo substancial entre verán e inverno, difícil de acadar, que garanta un beneficio económico real para as explotacións que a practiquen.

No Consello Regulador téñense acordadas outras actuacións para paliar o desequilibrio estacional, como centrar o esforzo promocional e comercial na época invernal ou estudar a modificación de idade límite para o sacrificio dos animais de TGS. Tendo en conta a evolución da oferta de gando e do consumo de carne de Ternera Gallega durante o ano, o incremento de idade de sacrificio permitiría unha marxe de saída dos animais máis acorde coas necesidades de mercado coa conseguinte mellora e estabilidade de prezos. Esta medida como contrapartida podería supoñer a perda dun dos piares de diferenciación da nosa carne (animais sacrificados a idades temperás) e tamén unha diminución na calidade de TGS. O Pleno do Consello Regulador avaliou e rexeitou esta medida xa que considerou que se perdía a esencia de TGS.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



A situación actual do mercado da carne de vacún en toda Europa cunha demanda que excede á oferta, está provocando unha distorsión do mercado cunha inflación continuada nos prezos. Esta situación está favorecendo a rendibilidade das explotacións sendo as industrias as prexudicadas pola dificultade de trasladar prezos e marxes ao comercio. Outra das consecuencias e a perda da diferenciación no mercado xa que prima o aprovisionamento e perden importancia cuestións como a calidade do produto, a orixe etc. Nesta situación, é primordial manter e transmitir os aspectos diferenciais que permitan manter a competitividade do noso sector cárnico de vacún unha vez se produza a regulación entre a oferta e a demanda. Estas medidas pasan por fortalecer a nosas IXPs e a súa presenza no mercado, de forma primordial nos mercados alleos a Galicia.

Para iso, no marco do Plan Estratéxico da PAC, a Axencia galega da Calidade Alimentaria convocou este ano axudas para apoiar a promoción e a comercialización dos produtos agroalimentarios galegos de calidade cun orzamento total de tres millóns de euros, axudas ás que se pode acoller o Consello Regulador para levar a cabo actividades de promoción e fomento da comercialización na liña comentada. Ademais, nos orzamentos de 2025 a Axencia conta con algo máis de cinco millóns de euros para financiar accións directas de promoción dos produtos de calidade, das que se están a beneficiar os consellos reguladores, entre eles o das IXP Ternera Gallega e Vaca Gallega-Buey Gallego.

Polo tanto, a Xunta xa está a traballar no impulso da comercialización da carne de vacún de calidade amparada polas nosas indicacións xeográficas protexidas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/08/2025 15:42:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30414
Data envío: 04/08/2025 15:42:07.805

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 27987**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Cristina Fernández Davila e dona Ariadna Fernández González, sobre **"a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de asumir todos os comedores escolares do sistema público de ensino como un servizo educativo propio"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á interpelación con número 1945 o 12 de xuño de 2024; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas".

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=M2QxOTJjZjMtYTQwOC00ZWVmLTgyNmEtNGI5Y2EzMDFmZTQ5&start=6440>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/08/2025 15:41:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30412
Data envío: 04/08/2025 15:41:55.593

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 28034**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e dona Cristina Fernández Davila, sobre **"as demandas das comunidades educativas dos CEIP O Piñeiriño, Rubiáns e A Lomba, de Vilagarcía de Arousa, no referido aos cadros docentes, persoal de apoio e organización escolar destes centros"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 28054 o 11 de xullo de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OWNLZTU4ZjEtNDkzNy00MmJjLTg2ODQtMTJhZDExOTVhYmNj&start=5993.524>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/08/2025 15:41:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30411
Data envío: 04/08/2025 15:41:46,783

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 15699**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e outros deputados e deputadas, sobre **"o mantemento das bonificacións no transporte de ría e o camiño cara a titularidade pública deste servizo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O transporte marítimo entre portos ten un papel especialmente relevante na ría Vigo, posto que entre O Morrazo e a cidade son moitos os desprazamentos que se realizan por mar no canto de por estrada.

Estes servizos lévanse a cabo en réxime de libre prestación, segundo o establecido no Regulamento (CEE) 3577/92, do 7 de decembro de 1992, polo que o Goberno galego non ten potestade para interferir na prestación dos servizos de transporte marítimo entre portos ou puntos de Galicia.

Polo seu interese e utilidade social, no marco das normativa vixente, o Goberno galego integrou os servizos marítimos que conectan Cangas e Moaña con Vigo nas bonificacións que se aplican ao transporte público na área de transporte metropolitano de Vigo. Os convenios asinados pola xunta de Galicia coas tres navieiras supuxeron que a cidadanía que emprega os corredores marítimos con Cangas e Moaña viaxe ao mesmo prezo que no autobús interurbano.

Desde a integración na ATM, salienta o continuo incremento dos viaxeiros do transporte de ría. Mentres en 2015 as navieiras venderan uns 685.000 billetes, en 2024 superáronse os 1,4 millóns de viaxes bonificadas no transporte marítimo entre O Morrazo e Vigo.

Tendo en conta a importancia do servizo, o Goberno galego xa lle deu continuidade aos convenios coas navieiras para manter a integración dos servizos marítimos na ATM de Vigo, polo que está clara a vontade de seguir aplicando nos corredores marítimos os mesmos esquemas de bonificacións do Plan de Transporte Público de Galicia e o transporte metropolitano da área de Vigo".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/08/2025 16:35:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30492
Data envío: 05/08/2025 16:35:48,000

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 15719**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego, dona Mercedes Queixas Zas e don Paulo Ríos Santomé, sobre **"os compromisos do Goberno galego coa mellora das liñas de transporte metropolitano por autobús na comarca da Coruña"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta e os 17 concellos que conforman a Área de transporte metropolitano da Coruña acordaron o pasado mes de novembro prorrogar o convenio durante catros anos máis.

A ATM da Coruña concentra unha ampla oferta de servizos, xa que 444 liñas conforman a rede de autobuses interurbanos que conectan aos concellos que a integran.

O Goberno galego estuda todas as peticións que se trasladan desde os concellos e se redundan nunha mellora do servizo e a súa aplicación é posible, faino".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/08/2025 16:35:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30491
Data envío: 05/08/2025 16:35:41.606

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 15744**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e don Oscar Insua Lema, sobre **"o conflito laboral das profesionais e dos profesionais da quenda de oficio e da xustiza gratuíta, a postura da Xunta de Galicia canto ao seu dereito á folga e as posibilidades de mellora das condicións destes colectivos a partir dos datos reflectidos no proxecto de orzamentos para 2025"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"En Galicia está garantido o dereito de todos os cidadáns a dispoñer dunha asistencia xurídica axeitada e tamén está garantido que os profesionais da queda de oficio, cando menos no ámbito das competencias da Xunta, cobren axeitadamente e en tempo polo seu traballo.

Pese a ter limitada a competencia autonómica, o Goberno galego financia a asistencia xurídica gratuíta en favor de persoas sen recursos suficientes mediante compensacións a través dos colexios profesionais e reserva para este fin máis de 15 millóns de euros nos orzamentos de 2025, un 8,6% máis que en 2024 e con novos conceptos tras a actualización dos baremos durante as negociacións con estes colectivos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/08/2025 11:47:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 11:47:32
Nº Rexistro: 30635
Data envío: 07/08/2025 11:47:32.383

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 15746**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Suárez Fernández e don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre **"o estado en que está a elaboración do Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia (Ridega) e as razóns de que aínda non estea publicado"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O Ridega está en funcionamento, e a inscrición no rexistro efectúase por parte das entidades titulares das instalacións, a través do "procedemento DE001A - solicitude Inscrición non Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia", por sede Xunta.

Calquera persoa ou entidade pode consultar as instalacións rexistradas e os seus datos, de acordo á Lei de transparencia e a través do PR004A, xa que se trata dun rexistro público".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/08/2025 16:35:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30490
Data envío: 05/08/2025 16:35:34.001

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 15818**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Manuel Golpe Acuña, don Ramón Fernández Alfonso e don Brais Ruanova Vilas-Boas, sobre **"o estado de tramitación, os aspectos fundamentais e o cronograma previsto dos principais proxectos industriais e enerxéticos anunciados pola Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia para o concello das Pontes"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"En primeiro lugar, en canto a cal é o estado de tramitación do proxecto de produción de hidróxeno renovable H2Pole, promovido por H2Pole S.L., cómpre salientar que este proxecto foi declarado proxecto industrial estratéxico polo Consello da Xunta o 08.09.2022.

Trala presentación, por parte da empresa promotora, da documentación prevista no artigo 80 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, o 03.04.2023 publícase no Diario Oficial de Galicia o anuncio polo que se someten a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada (AAI), o estudo de impacto ambiental (EIA), a declaración de utilidade pública e o proxecto H2Pole. Paralelamente a esta tramitación, e de conformidade co artigo 80.4 do Decreto Legislativo, solicitouse o informe dos órganos sectoriais afectados.

O 26.10.2023 e o 02.10.2024 publícanse a declaración de impacto ambiental e a autorización ambiental integrada, respectivamente.

Segundo o establecido no artigo 80.5 do dito texto refundido, a persoa titular da consellaría competente por razón da materia, logo do informe da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, elevará o expediente ao Consello da Xunta, que decidirá se procede a aprobación do proxecto industrial estratéxico.

Polo tanto, neste momento é preciso someter o proxecto ao informe da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, para o cal o promotor debe presentar un proxecto executivo no que se inclúa unha memoria coas características técnicas detalladas que permitan a obtención do dito informe, así como a posterior aprobación do proxecto por parte do Consello da Xunta de Galicia.

A previsión temporal dos ditos fitos depende da achega da documentación precisa por parte do promotor.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





En segundo lugar, sobre o estado de tramitación do proxecto de instalación dunha fábrica de pneumáticos radiais de alto rendemento, promovido por Sentury Tire Spain SLU, indícase que foi declarado proxecto industrial estratéxico polo Consello da Xunta o 06.10.2022.

Trala presentación, por parte da empresa promotora, da documentación prevista no artigo 80 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, o 04.04.2023 publícase no Diario Oficial de Galicia o anuncio polo que se someten a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada (AAI), o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto denominado Fábrica de pneumáticos Sentury. Paralelamente a esta tramitación, e de conformidade co artigo 80.4 do Decreto Legislativo, solicitouse o informe dos órganos sectoriais afectados.

O 26.10.2023 publícase a declaración de impacto ambiental; a autorización ambiental integrada non foi emitida, xa que foron realizados varios requirimentos ao promotor, sen que a día de hoxe estea completo o expediente. Así, o 28.06.2024 remitiuse o último requirimento ao promotor, co fin de que realizase unha serie de modificacións no proxecto e completase a documentación técnica necesaria para obter a autorización ambiental integrada do proxecto. Non consta, a día de hoxe, que o promotor teña respondido a este requirimento.

Polo tanto, o cronograma previsto para os próximos fitos depende da achega da documentación requirida por parte do promotor, para, a continuación proceder á aprobación da autorización ambiental integrada, obtención do preceptivo informe da Xunta Consultiva en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo e, por último, a aprobación polo Consello da Xunta.

Tal e como se constata, a demora por parte do promotor na presentación da documentación requirida é o que provocou que este procedemento non estea finalizado a día de hoxe.

En terceiro lugar, sobre o estado de tramitación do proxecto dunha planta de biofibra reciclada branqueada promovido por Ence Energía y Celulosa S.A., foi declarado proxecto industrial estratéxico polo Consello da Xunta o 15.06.2023.

Trala presentación, por parte da empresa promotora, da documentación prevista no artigo 80 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, o 20.02.2024 publícase no Diario Oficial de Galicia o anuncio polo que se someten a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada (AAI), o estudo de impacto ambiental (EIA), a declaración de utilidade pública e o proxecto para a implantación dunha planta de biofibra reciclada branqueada. Paralelamente, o 20.02.2024, solicitáronse os informes previstos no artigo 80.4 do Decreto Legislativo 1/2015. O 28.05.2025 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Anuncio do 27 de maio de 2025, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





e Sostibilidade, polo que se fai pública a declaración de impacto ambiental do proxecto industrial estratéxico dunha planta de biofibra reciclada branqueada e as súas infraestruturas auxiliares, no concello das Pontes de García Rodríguez (A Coruña). A continuación, cómpre finalizar a tramitación ambiental, coa autorización ambiental integrada para, de ser o caso, continuar posteriormente co procedemento segundo o establecido no artigo 80 do dito texto refundido, é dicir, o sometemento á Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e a posterior aprobación do proxecto industrial estratéxico polo Consello da Xunta.

En cuarto lugar, en canto ao proxecto de instalación de produción de hidróxeno e amoníaco verde, trátase dun proxecto que foi declarado Iniciativa Empresarial Prioritaria o 03.08.2023. A declaración dun proxecto como iniciativa empresarial prioritaria supoñía unha redución de prazos e o carácter prioritario á realización dos trámites no seo dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico, pero non presupón o resultado final da tramitación ambiental do dito proxecto, que será a que determine se o proxecto é viable desde o punto de vista ambiental e, polo tanto, se pode ser executado.

Por outro lado, indícase que o lago das Pontes conta actualmente con dous procedementos en curso de outorgamento dunha concesión de augas superficiais para a instalación dun aproveitamento hidráulico de enerxía, que están a ser tramitados, de acordo coa normativa vixente.

En canto, a petición de información sobre o proxecto de acuicultura para o lago das Pontes, indícase que non consta a tramitación formal de ningunha planta de acuicultura.

Finalmente, en relación á información relativa aos proxectos industriais que se atopan en tramitación na zona das Pontes, cómpre salientar que, tal e como establece a normativa vixente, a maior parte dos fitos da dita tramitación publícanse no Diario Oficial de Galicia e, adicionalmente, a Consellería de Economía e Industria informa periodicamente ás asociacións empresariais e organizacións sindicais da zona, especialmente cando se producen incidencias ou feitos salientables en relación aos ditos proxectos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/08/2025 11:47:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 11:47:26
Nº Rexistro: 30634
Data envío: 07/08/2025 11:47:26.042

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 15867**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"o cumprimento das obrigas legais por parte da Corporación Radio e Televisión de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación De Servizos Audiovisuais De Galicia**, que ten o seguinte contido:

"Esta pregunta xa foi respostada polo director xeral da Corporación no marco de distintas preguntas orais efectuadas ao longo deste primeiro semestre de 2025 na Comisión de control á CRTVG.

A CRTVG cumpre coa súa obriga de prestar o servizo público de comunicación audiovisual de Galicia. Respecto das preguntas plantexadas, obsérvase unha vez máis que a dirección xeral da Corporación non ten competencias sobre o traballo do Consello de Administración formado polos representantes das forzas políticas do Parlamento de Galicia. É o Consello de Administración o encargado de desenvolver o Estatuto Profesional e a creación do Consello de Informativos.

Artigo 25. *Estatuto persoal da directora ou do director xeral.*

1. A directora ou o director xeral exercerá as súas funcións con absoluta independencia, sen que poida recibir instrucións, directrices ou calquera clase de indicación imperativa do Goberno, da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, dos partidos políticos nin doutras institucións ou entidades.

O Director Xeral da CRTVG non é o único responsable da execución da lei, sendo o Parlamento e no seu caso o Consello de Administración, elixido por este Parlamento, os responsables tanto da remuda do director xeral da CRTVG nun caso, como da elaboración do Estatuto Profesional e do Consello de Informativos noutro; polo tanto non é exixible responsabilidade sobre desenvolvementos da lei que recaen en terceiros".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/08/2025 16:35:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30489
Data envío: 05/08/2025 16:35:27.449

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 15869**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"a conflitividade orixinada na CRTVG entre a dirección xeral e o persoal da Corporación"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación De Servizos Audiovisuais De Galicia**, que ten o seguinte contido:

"Esta pregunta xa foi respostada polo director xeral da Corporación no marco de distintas preguntas orais efectuadas ao longo deste primeiro semestre de 2025 na Comisión de control á CRTVG. A CRTVG cumpre coa súa obriga de prestar o servizo público de comunicación audiovisual de Galicia. Ningún traballador da CRTVG perdeu nin perderá o seu traballo, nin perdeu carga de traballo, nin veu minorado ningún dos seus dereitos laborais, de ningún eido.

A CRTVG entende que o capital humano é o principal valor da Corporación e así o demostra con feitos e recursos concretos. A CRTVG alcanzou un fito determinante no eido das relacións laborais e a estabilidade do emprego. A través do proceso de estabilización previsto na normativa vixente e co concurso público convocado en execución da OPE extraordinaria, acadouse o obxectivo de situar en contrato fixo ao 100% do cadro de persoal que ocupaba prazas estruturais. Isto traducíuse na consolidación de 249 postos de traballo, permitindo así rematar coa temporalidade endémica que durante décadas afectara a moitos traballadores e traballadoras da Corporación.

Este logro levouse a cabo grazas ao compromiso da Dirección da Empresa e o esforzo administrativo de múltiples departamentos, e coa oposición da maioría dos sindicatos do Comité de Empresa da CRTVG que non asinaron a consolidación dos seus compañeiros de traballo, aos que representan, que aprobaran por abrumadora maioría en asemblea.

As relacións laborais caracterizáronse pola estabilidade e o diálogo social, celebrándose no 2024 81 xuntanzas formais cos representantes dos traballadores, con vontade firme de consenso, transparencia e participación. Estes encontros son fundamentais para abordar cuestións sensíbles como as condicións de traballo, a prevención de riscos laborais, a igualdade de xénero, ou a planificación de vacacións e quendas, entre outras. A implicación dos sindicatos e a disposición permanente ao diálogo institucional permiten resolver conflitos, anticipar problemas e avanzar cara a unha cultura laboral baseada na corresponsabilidade".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/08/2025 16:35:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30488
Data envío: 05/08/2025 16:35:21.289

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 15874**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso, don Xosé Manuel Golpe Acuña e dona Noa Presas Bergantiños, sobre **"o conflito xurdido en relación coa tributación de Reganosa no Concello de Mugar dos e a postura que mantivo a Xunta de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"En novembro de 2007, Reganosa presentou ante a Axencia Estatal Tributaria, unha declaración de inicio de actividade empresarial, clasificando esta actividade no epígrafe "123.2: Distribución de Gas natural" dentro das tarifas do Imposto sobre actividades económicas.

Logo dos dous primeiros anos de exención do imposto IAE, no ano 2009, a Axencia Tributaria emite a liquidación do IAE de acordo co citado epígrafe 123.2. Posteriormente, a Inspección da Axencia Tributaria levou a cabo actuacións de comprobación referidas ao citado imposto, concluíndo que debía encadrarse noutro epígrafe, concretamente no epígrafe "152. Fabricación, distribución e comercialización de gas", dentro das tarifas do IAE, de carácter e recadación municipal.

Tras esta liquidación da Axencia Tributaria, o Concello de Mugar dos practicou cada ano á empresa a correspondente liquidación do IAE, tanto do ano 2010, como dos seguintes neste segundo epígrafe 152. Pola súa parte, Reganosa realizou os abonos correspondentes, indicando de xeito expreso que, en caso de obter unha resolución favorable ás reclamacións presentadas, solicitaría a devolución do ingresado de máis pola modificación do epígrafe do IAE.

Finalmente o Tribunal Económico-Administrativo Central (resolución do 2019) e a Axencia Estatal de Administración Tributaria (resolución do 2021) determinaron que o Concello de Mugar dos cobrara desde 2010 ata 2019 un total de 4.617.403,57 €, por concepto de IAE, cando só se debería ter ingresado 303.717,24 €. Desta forma, os cobros indebidos eran de 4.313.686,33 euros que, sumados aos xuros de demora (1.561.200,4 euros), ascendían a 5.874.886,73 euros.

Coñecedora deste problema – alleo totalmente á actuación da administración autonómica – e das súas posibles implicacións negativas para os mugar deses, a Xunta de Galicia solicitou de xeito expreso que se buscara unha solución para que os servizos municipais non se visen afectados, visión que foi compartida polo resto dos accionistas de Reganosa.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Deste xeito, a empresa negociou a posibilidade de chegar a un acordo en virtude do cal se realizaría unha quita desta débeda, polo que deste xeito Reganosa renunciaría ao seu ingreso, ao que tiña dereito.

Así, en novembro do ano 2023, chegouse a un acordo entre Reganosa e o Concello de Mugardos, de forma que Reganosa aceptou unha quita do 86,6 % desta débeda, tomando forma de doazón (5.088.798,38 euros), mentres que a cobranza da suma restante tampouco a executaría, senón que irá sendo compensada con cargo a futuros recibos do IAE. Adicionalmente, Reganosa doaría ao Concello un millón de euros para investimento municipal na rehabilitación do Cinema Zárata, destinado a albergar a biblioteca municipal pública de Mugardos.

En consecuencia, co acordo final aceptado por Reganosa, e apoiado pola Xunta de Galicia, vén a demostrarse unha vez máis o compromiso desta empresa co seu entorno e co Concello de Mugardos, co que vén colaborando con numerosas entidades radicadas para desenvolver proxectos no ámbito da educación, a cultura e o deporte, e coa propia Corporación Municipal, coa que se teñen subscritos diversos convenios de colaboración para distintos fins de interese xeral para a cidadanía.

Polo tanto, a Xunta de Galicia ten defendido neste caso con firmeza, unha vez máis, o interese xeral dos galegos e das galegas e, en concreto, dos mugardeses e mugardesas, pero tamén respectando a normativa vixente e as resolucións dos Tribunais e dos órganos económicos-administrativos, así como a actividade empresarial e industrial.

Finalmente, chama a atención que, tratándose da aplicación dunha normativa e de resolucións de órganos de ámbito estatal, se traslade á Xunta de Galicia a responsabilidade no impulso dun cambio de tributación dunha empresa.

Ademais, hai que ter en conta que o interpelante pode empregar iniciativas non lexislativas, tanto de control ou de impulso á acción do goberno, así como promover cambios lexislativos no Congreso dos Deputados”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/08/2025 23:23:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30571
Data envío: 06/08/2025 23:23:52.041

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 15887**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas e don Paulo Ríos Santomé, sobre **"as medidas que a Xunta de Galicia debe levar a cabo para mellorar o servizo de transporte público de persoas por estrada, na comarca do Baixo Miño"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes en resposta á pregunta oral en Pleno número 15888, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 12 de febreiro de 2025, á que nos remitimos.

A resposta completa do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes pode verse nos seguintes enlaces:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NzUwZDJjOTUtNjY5Yi00M2I5LWEzZDctNmEzNzU4YTlkYzg5&start=2523>

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NzUwZDJjOTUtNjY5Yi00M2I5LWEzZDctNmEzNzU4YTlkYzg5&start=2879>".

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/08/2025 10:10:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 10:10:04
Nº Rexistro: 30680
Data envío: 08/08/2025 10:10:04.037

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 20966**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, dona Alexandra Fernández Gómez e don Oscar Insua Lema, sobre **"o nivel de ocupación do bloque de vivendas cedido polo Concello de Esgos á Garda Civil e a posibilidade de recuperalo, total ou parcialmente, como vivendas de carácter social"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"As vivendas ás que fai referencia a pregunta son de titularidade municipal e están postas a disposición da Guardia Civil por parte do concello.

Por motivos de seguridade non é posible compatibilizar o uso pola Guardia Civil e por persoas alleas á mesma".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/08/2025 12:01:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 12:01:01
Nº Rexistro: 30640
Data envío: 07/08/2025 12:01:01.194

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 21836**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Valcárcel Armesto e outros deputados e deputadas, sobre **"as zonas de Galicia declaradas como zonas vulnerables a nitratos (ZVN), o impacto sectorial e económico destas declaracións e as medidas e liñas de axudas previstas pola Xunta de Galicia para o sector agrogandeiro"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á interpelación con número 21839 e debatida no Pleno do 8 de abril de 2025, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O Pleno pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MjM1NjQyYTYtOGQ5ZC00N2E5LTkyNDUtMGRhZGVhMGQ2Zjlx>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/08/2025 23:31:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30589
Data envío: 06/08/2025 23:31:50.032

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 21901**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e outros deputados e deputadas, sobre **"os riscos biolóxicos aos que se enfrenta o persoal dos centros de conservación de fauna silvestre da Xunta de Galicia e os protocolos preventivos que se están a establecer"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na proposición non de lei con número 21900 e debatida na Comisión do 22 de abril de 2025, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZWFLYWQOMTEtNjMzM4LTgxYjgtOTAwODQwZTE3ZWEz>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/08/2025 23:31:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30587
Data envío: 06/08/2025 23:31:37,439

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 22162**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández e dona Cristina Fernández Davila, sobre **"a avaliación da liña de axudas da Xunta de Galicia destinada a subministrar froitas frescas, castañas e leite líquido para o consumo por parte do alumnado dos centros educativos públicos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia na pregunta oral con número 16741 e respostada na Comisión do 7 de febreiro de 2025, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na proposición non de lei con número 21900 e debatida na Comisión do 22 de abril de 2025, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ODRhNzllMmEtNjZkYS00NDlkLTliNjYtYmY2ZjkzYTc0Mzk1&start=7799>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/08/2025 23:43:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30607
Data envío: 06/08/2025 23:43:58,067

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 22173**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Sonia Vidal Lamas, dona Ariadna Fernández González e don Secundino Fernández Fernández, sobre **"as valoracións da Xunta de Galicia, así como as súas previsións, no que atinxe á viabilidade do sector ovino e á revalorización da la"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Galicia produce unhas 221 toneladas de la, segundo as estatísticas do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ("Estadística de lana, miel y huevo para consumo humano año 2023"). Esta produción equivale ó 1,06 % nacional. O rendemento medio é de 1,5 quilos anuais de la por animal nosa comunidade.

Canto vale esta la a pé de explotación? Por unha banda, as explotacións galegas son pequenas, o cal encarece a recollida do produto. Por outra, a la que producen é do tipo "basta", fronte a fina ou entrefina, que teñen un valor superior. A isto hai que engadir que houbo unha baixada importante na demanda xeral de la no mercado nacional e internacional a partir de 2020. En resumo, nos últimos anos a maioría dos gandeiros só puideron aspirar a que alguén lles recollese a la de balde, sen cobrar nada por ela.

A revalorización deste produto podería facerse por diversas vías, como a investigación de novos usos, a agrupación da produción ou o incremento do valor engadido da la (selo de calidade, etc).

Dende o punto de facilitar proxectos de investigación para encontrar usos sostibles da la, as unidades competentes en materia do uso de Subprodutos Animais non Destinados ao Consumo Humano (SANDACH) veñen asesorando a grupos de investigación sobre a forma de autorizar dito usos nos proxectos de investigación.

Por outra banda, a Ovella Galega é unha das razas autóctonas de Galicia e conta cunha asociación de criadores encargada do Programa de cría aprobado pola Consellería do Medio Rural (Asociación de Criadores da Raza Ovella Galega). Asovega pertence á Federación de Razas Autóctonas de Galicia (Boaga).

A Consellería do Medio Rural apoia, entre outras, á raza Ovella Galega, a través da Submedida 10.2 de "Apoio á conservación e o uso e desenvolvemento sostibles dos recursos xenéticos na agricultura" do PDR de Galicia para o período 2014-2020 (prorrogado hasta 2025).

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Esta submedida busca, entre outros obxectivos, a posta en valor de todas as posibles orientacións produtivas destas razas; diversificar as actividades económicas no medio rural e favorecer a fixación de rendas complementarias a través da produción con estas razas ou avaliar, de cara a obter o máximo aproveitamento delas, a capacidade produtiva das razas animais en función da súa contribución á sostibilidade económica e medioambiental.

Para poder acadar estes obxectivos, a Consellería leva subscribindo dende fai anos distintos convenios coas asociacións de criadores e outras entidades directamente relacionadas coa conservación das nosas razas. Concretamente, para o caso da Ovella Galega, está actualmente en vigor o Convenio entre a Consellería do Medio Rural e a Federación de Razas Autóctonas de Galicia (BOAGA).

Entre as obrigas asumidas por BOAGA dentro do convenio están, por exemplo, formar e asesorar aos criadores para crear e promocionar marcas comerciais ó amparo da raza, como distintivo de calidade (Logotipo autóctona 100%), ou a diversificación das actividades: análise dos mercados, vías de comercialización, preferencias de consumo, etc. Está previsto que unha vez rematados os actuais convenios, estes se renoven dentro do Plan Estratéxico da PAC de Galicia 2023-2027.

Por outra banda, a Consellería do Medio Rural convoca anualmente axudas para fomentar as razas autóctonas galegas, destinadas ás organizacións ou asociacións de gandeiros que empreguen estas razas. A orde de 2025 conta cunha dotación orzamentaria 220.000€ e a Asociación de Criadores da Raza Ovella Galega é unha das entidades beneficiarias.

Finalmente, cómpre destacar o servizo de matadoiro móbil, xa en funcionamento. Atende principalmente ás pequenas explotacións de ovino e caprino galegas máis alonxadas dos matadoiros tradicionais. Este servizo de sacrificio vai ser complementado cun servizo de sala de despece, de xeito que se obteña un produto final mais alequelado ó mercado e con maior valor engadido.

En base ao exposto, está claro que existen políticas específicas de apoio, estratexias de traballo e medidas de cara a garantir a viabilidade económica das explotacións ovinas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/08/2025 23:43:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30606
Data envío: 06/08/2025 23:43:52.947

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 22230**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"a afección da planta de Altri ao sector agrogandeiro e a información publicada pola Consellería do Medio Rural en relación coa aprobación da declaración de impacto ambiental da macrocelulosa Altri"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 22231 e debatida no Pleno do Parlamento de Galicia do 7 de maio de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTA5YjNhZGEtMTQwZS00Y2YwLTlhMjQtNDRhZTk0OWI2NjYy> ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/08/2025 23:43:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30604
Data envío: 06/08/2025 23:43:39.060

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 22388**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"a actualización da regulación dos montes en man común para os converter nunha peza clave do desenvolvemento rural"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Das recomendacións relativas a montes veciñais en man común que recolle o Ditame, ata a data o goberno galego deu cumprimento a meirande parte delas, e dicir a todas aquelas que podía incorporar na súa planificación sectorial e implementar directamente a execución da dita planificación sen necesidade dun desenvolvemento lexislativo específico.

Respecto a necesidade de coñecer a situación dos Montes Veciñais en Man Común en referencia o seu grado de goberno, a administración e xestión e o seu réxime de usos e aproveitamentos ven recollida na lexislación de MVMC, tanto na lei 13/1989 como no seu desenvolvemento regulamentario, Decreto 260/1992, ambas normas vixentes.

O goberno galego aplicou este mandato lexislativo creando e mantendo o rexistro de montes veciñais en man común, no que constan estes datos e moitos outros que se foron incorporando en función das necesidades e avances que nos últimos anos se foron producindo. Amais, parte del é público e pode consultarse na Oficina virtual do Medio Rural.

No DECRETO 140/2021, do 30 de setembro, polo que se aproba a primeira revisión do Plan forestal de Galicia (PFG) 2021-2040, Cara á neutralidade carbónica recolle programas e medidas para a mellora da gobernanza das comunidades e a activación da xestión forestal privada con mención específica ás comunidades dos MVMC, co impulso á redacción de instrumentos de ordenación e xestión, potenciación das agrupacións e mancomunidades de MVMC, fomento de agrupacións forestais de xestión conxunta ou a activación da xestión privada mediante a creación da figura de silvicultor activo. Igualmente recolle medidas para loitar contra o abandono.

Semella que para a creación dun órgano colexiado no que teñan representación as Comunidades de Montes Veciñais en Man Común o mais axeitado sería a súa inclusión no novo marco normativo específico que regule este tipo de propiedade, polo que ata que non se aprobe nova lei de MVMC non se vai completar o cumprimento desta recomendación.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Durante a exposición pública que tivo lugar co motivo do procedemento de consulta previa á elaboración do anteproxecto de Lei de modificación da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, recibíronse mais de 90 achegas a través do portal de transparencia e mais as directamente enviadas á Consellería do Medio Rural tanto de particulares como de empresas, asociacións de empresarios, asociacións de deportes, sindicatos, asociacións de veciños, grupos ecoloxistas, concellos etc. A diversidade de persoas que alegaron amosa o interese social dos montes veciñais e xerou a necesidade da elaborar un libro branco dos montes veciñais como un documento de traballo estratéxico e como o punto de partida para a reflexión conxunta sobre a reforma legislativa dos MVMC.

O borrador do Libro Branco presentouse ao Consello Forestal con data 23/6/2023 e abriuse un prazo para a formulación de observacións, recibíndose 13 achegas coas que se pechou a proposta de libro branco. Este documento de traballo recolle unha gran disparidade de formulacións sobre a figura do monte veciñal en man común e empregouse como punto de partida para a elaboración no pasado ano do borrador de anteproxecto de lei. Prevese que se presenten no Consello Forestal os seguintes documentos:

- Diagnóstico da situación dos MVMC.
- Libro branco.
- Anteproxecto de lei pola que se modifica a lei de montes veciñais en man común de Galicia.

Como documentos de partida sobre o que debater co sector para posteriormente iniciar a exposición pública do anteproxecto de lei de MVMC en cumprimento da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e para finalmente iniciar a tramitación parlamentaria e dar cumprimento así ao compromiso fixado no Plan forestal de Galicia (PFG) 2021-2040, Cara á neutralidade carbónica de tela aprobada no quinquenio 2021-2025.

O inicio desta revisión normativa está prevista no eixo VI, *planificación, ordenación e gobernanza*, dentro das Iniciativas para a gobernanza do monte galego no programa de *iniciativas de desenvolvemento normativo* coa finalidade de adecuar a súa regulación á situación actual, establecéndose para o quinquenio 2021-2025. Conforme a esta planificación iniciouse a revisión normativa da lexislación de montes veciñais en man común mediante un procedemento de consulta previa á elaboración do anteproxecto de Lei de modificación da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, recentemente a Conselleira do Medio Rural compareceu no pleno do martes día 11 de xuño onde entre outros compromisos anunciou o inicio da tramitación deste marco normativo conforme o planificado.

Actualmente o borrador de anteproxecto de lei está sendo sometido a unha revisión xurídica pola asesoría xurídica da Xunta como paso previo a súa remisión ao Consello Forestal para o inicio da súa tramitación”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/08/2025 23:43:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30603
Data envío: 06/08/2025 23:43:33,766

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 22586**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros deputados e deputadas, sobre **"a eventual autorización por parte da Xunta de Galicia do Centro Integral de Loita contra o Lume de Toén para actividades non formativas nin de interese público"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A actividade que se levou a cabo no entorno do Centro Integral de Loita contra o Lume de Toén foi un xogo de combate simulado con aire comprimido e bolas de pintura.

Esta actividade compatible cos usos do CILL, levouse a cabo en fin de semana e non interferiu no desenvolvemento de ningunha acción formativa. A administración autonómica non percibiu ningunha taxa polo desenvolvemento da actividade, que foi supervisada por persoal do Servizo de Prevención de Incendios Forestais.

O propio libro branco do CILL de Toén indica que este centro será un exemplo de "modelo de monte" entendido coma monte dirixido á valorización de todos os usos e servizos e monte multifuncional onde se compatibilicen os usos económicos e sociais, así como recreativos, cos servizos ecosistémicos que achegan os bosques.

ACTIVIDADE FORMATIVA NO CILL DE TOÉN NO ANO 2024

Os días 24 e 25 de abril, un pelotón da Unidade Militar de Emerxencias (UME) recibiu formación en incendios forestais por parte de persoal da Dirección Xeral de Defensa do Monte (DXDM) e participou nun simulacro de xestión da emerxencia e nun simulacro operativo coa realización de diferentes manobras. Persoas formadas: 25 militares da Unidade Militar de Emerxencias.

Entre o 29 de abril e o 31 de maio realizouse a formación de especialización para os bombeiros/as forestais das brigadas da DXDM. Neste período impartíuse formación a 880 bombeiros/as forestais en 20 edicións presenciais de 8 horas de duración.

O 20 de maio comezouse a formación práctica en conducción 4x4 para bombeiros/as forestais condutores/as de motobomba que se prolongou ata o 28 de xuño, cun total e 400 persoas formadas desta categoría.

Tamén se rexistraron outras actividades dirixidas ao persoal da DXDM, como a formación aos axentes medioambientais para o trampeo da *Vespa velutina*.

O CILL serviu en agosto de base de operacións e centro de formación para o grupo de 20 bombeiros de Estonia, no marco dun programa de preposicionamento de unidades certificadas do mecanismo europeo de protección civil (DG ECHO) da Comisión Europea.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Formación	N.º persoas	Persoas destinatarias
Curso para persoal da UME e manobras conxuntas con persoal do SPIF	25	militares da Unidade Militar de Emerxencias e persoal do SPIF
Curso de especialización para persoal das brigadas da DXDM	880	bombeiros/as forestais
Condución segura 4x4 para bombeiros/as forestais condutores/as de motobomba	400	bombeiros/as forestais condutores/as de motobomba
Operacións e defensa contra incendios forestais na interface urbano-forestal	60	persoal técnico e axentes medioambientais do SPIF
Seminario de comunicación de incendios forestais	20	xornalistas dos medios de comunicación
Total	1.410	

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/08/2025 23:38:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30599
Data envío: 06/08/2025 23:38:10.097

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 22683**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros deputados e deputadas, sobre **"o traslado ao Parlamento de toda a información respecto do proxecto industrial de Altri, a avaliación da natureza deste proxecto, do seu impacto ecolóxico e económico e das potenciais alternativas que non se terían en consideración"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O proxecto denominado *Proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas* xurdiu no seo da Sociedade Impulsa Galicia, instrumento de colaboración público-privada que naceu para responder ao gran reto de transformación do tecido produtivo da Comunidade galega aproveitando a oportunidade dos fondos Next Generation, que finalmente está sendo desenvolvido e, polo tanto, tramitado, pola sociedade Greenfiber, do grupo Altri.

Actualmente, o proxecto conta xa coa declaración de impacto ambiental, e toda a documentación do expediente tramitado ante a Xunta de Galicia foi remitida ao Grupo Parlamentario que formula esta pregunta, o pasado 23 de abril de 2025, así como a outras persoas interesadas que expresaron a mesma petición.

Con respecto ás características técnicas da planta, cómpre salientar que, desde o primeiro momento, aquelas trasladáronse publicamente, tanto a través da prensa, como aos Grupos Parlamentarios galegos como a outras Administracións Públicas. Así, desde o ano 2021, constan publicacións en diferentes medios de comunicación como as seguintes: *Economía Digital Galicia*, 18 de outubro de 2021 "*Altri, la pastera que sí le gusta al BNG*"; *Diario de Pontevedra*, 22 de febreiro de 2022 "*Doble apuesta de Altri*"; *El Confidencial*, 28 de febreiro de 2023 "*Altri planea invertir 850 millones en España en una fábrica de fibras textiles sostenibles*" ou *La Voz de Galicia*, 31 de marzo de 2023 "*Altri su plan en Galicia con una planta de pasta de papel y otra de lyocell*".

Ademais, como non pode ser doutra maneira, tamén obra información das características técnicas do proxecto na Cámara galega. Neste sentido, sinalase que señorías do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego estiveron presentes, por exemplo, o pasado 16 de novembro de 2023 na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, onde, en resposta á pregunta 57144 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, indicouse, literalmente "(...) A fábrica contará cunha capacidade final de produción de 400.000 toneladas de celulosa soluble e 200.000 toneladas de Lyocell (...)" e reitérase que o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego conta, desde o pasado 23 de abril, con toda a documentación do expediente tramitado.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Finalmente, en relación á avaliación do proxecto, cómpre salientar que, de acordo co disposto no artigo 80.3 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, o 04.03.2024 publicouse no Diario Oficial de Galicia o anuncio do 20 de febreiro de 2024, da Secretaría Xeral de Industria, polo que se sometían a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada (AAI), o estudo de impacto ambiental (EIA), a declaración de utilidade pública do proxecto indicado, para coñecemento xeral e para que todas aquelas persoas, naturais ou xurídicas, que se considerasen afectadas nos seus dereitos ou intereses, puidesen examinar a documentación técnica e, de ser o caso, presentar as alegacións ou observacións que considerasen oportunas dentro do prazo de trinta días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio.

Tal e como establece a dita normativa, a dita Secretaría Xeral, como órgano substantivo do procedemento, consultou tamén ás Administracións Públicas afectadas e ás persoas interesadas, sobre os posibles efectos significativos do proxecto.

Trala correspondente tramitación, o 14 de marzo de 2025 publicouse no Diario Oficial de Galicia o do 6 de marzo de 2025, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, polo que se fixo pública a declaración de impacto ambiental do proxecto industrial estratéxico da industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas, nos concellos de Melide e Santiso (A Coruña), Palas de Rei (Lugo) e Agolada (Pontevedra), concluíndo que o proxecto é ambientalmente viable sempre que se cumpran, ademais do recollido no estudo de impacto ambiental e a restante documentación avaliada, o condicionado e o programa de vixilancia ambiental que figuran ao longo da dita declaración.

Nesta declaración de impacto ambiental figura, entre outras cuestións, a relación de órganos consultados durante o dito trámite, quedando acreditada a realización da preceptiva análise dos posibles efectos sobre todos os factores que prevé a normativa vixente, entre os que están a poboación, a saúde humana, a flora, a fauna, a biodiversidade, a xeodiversidade, a terra, o solo, o subsolo, o aire, a auga, o clima, o cambio climático, a paisaxe, os bens materiais, incluído o patrimonio cultural, e a interacción entre todos os factores mencionados.

Neste sentido, cómpre lembrar que, na tramitación deste proxecto, teñen participado funcionarios e funcionarias que, de forma imparcial e independente, teñen analizado polo miúdo o proxecto, establecendo os condicionados que deberá cumprir para a súa implantación.

En síntese, o procedemento previsto na normativa vixente para os proxectos declarados como proxectos industriais estratéxicos é un procedemento que garante a participación e transparencia, e no que se analiza de forma obxectiva o cumprimento das distintas normativas sectoriais, como condición indispensable para que o proxecto poida ser finalmente autorizado".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/08/2025 12:00:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 12:00:44
Nº Rexistro: 30638
Data envío: 07/08/2025 12:00:44.411

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 22856**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"as razóns dos atrasos dos informes pertinentes para a avaliación ambiental ordinaria requirida nos procedementos de concentración parcelaria e a situación en Galicia nesta materia, particularmente na provincia de Ourense"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na proposición non de lei con número 22855 e debatida na Comisión 7ª do día 27 de xuño de 2025, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YzkwNjBhMTEtMjA3Ni00MGNmLWJjMGQtZGUwZGU4YjkzOWRi>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30597
Data envío: 06/08/2025 23:37:57,839

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/08/2025 23:37:57

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 22862**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Sonia Vidal Lamas, dona Ariadna Fernández González e don Secundino Fernández Fernández, sobre **"os protocolos de baleirado sanitario nas explotacións de vacún de carne de Galicia, o seu impacto nas de carácter familiar ou de pequenas dimensións e as medidas que está a aplicar o Goberno galego ao respecto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"O Real decreto 1053/2022, do 27 de decembro, polo que se establecen normas básicas de ordenación das granxas bovinas, cita que as explotacións bovinas de produción e reprodución que non teñan a condición de explotación extensiva, se clasificarán en función da súa capacidade produtiva expresada en UGM (Unidades de Gando Maior). Segundo esta norma, as explotacións do Grupo I serían aquelas con capacidade de ata 20 UGM inclusive (entendendo que a equivalencia para unha vaca non leiteira de dous ou máis anos é de 0.800 UGM e para un macho de dous ou máis anos é de 1 UGM).

Polo tanto, tal e como se cita no parágrafo anterior, na normativa actual non existe unha definición concreta de "explotación familiar", xa que esa referencia é un termo de uso coloquial para referirse a explotacións gandeiras cun censo de animais habitualmente non demasiado elevado e xestionadas por unha titularidade familiar, independentemente do seu tipo de produción ou clasificación zootécnica.

Respecto á información de explotacións bovinas de Galicia, o número de explotacións bovinas de reprodución para a produción de carne na data de elaboración desta resposta é de 17.668, das que 15.205 tiñan un censo inferior a 25 reprodutoras e pertencían polo tanto ao Grupo I, segundo os criterios establecidos no Real decreto 1053/2022 do 27 de decembro.

Nos derradeiros 5 anos leváronse a cabo 19 baleiros sanitarios en explotacións bovinas de reprodución para a produción de carne, motivados todos eles pola existencia de tuberculose bovina confirmada laboratorialmente.

O criterio seguido en todos os casos para a realización de baleiros sanitarios foi o cumprimento da normativa, apoiado en todo momento polas bases científicas da epidemioloxía e patoxenia da infección tuberculosa. Todo isto sustentado na normativa europea e nacional de referencia, así como nas recomendacións dos expertos do subgrupo de tuberculose bovina da Task Force da Comisión Europea, recomendacións da Organización Mundial da Sanidade Animal, recomendacións da

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Organización Mundial da Saúde e publicacións científicas de referencia e impacto respecto á persistencia no medio ambiente das micobacterias do complexo M. tuberculosis (Young et al., 2005; Keesing et al., 2006; Fine et al., 2011; Fitzgerald et Kaneene, 2013, Gortázar et al., 2014; Ghodbarne et al., 2014; Huang et al., 2014; entre outras).

A infección causada polo Complexo Mycobacterium tuberculosis (en diante CMT) é unha patoloxía de categoría B na normativa vixente na Unión Europea, polo que as actuacións que as autoridades competentes en sanidade animal deben levar a cabo teñen como obxectivo a erradicación da enfermidade. Este criterio é seguido pola Unión Europea desde a implantación dos programas de erradicación desta enfermidade na década dos sesenta do século pasado. Non caben polo tanto normativamente outras medidas de contención ou de control, que non sexan a erradicación da enfermidade nun territorio.

Por outra banda, hai que destacar que a análise dos datos epidemiolóxicos relativos aos focos de tuberculose producidos nos derradeiros 20 anos en Galicia, evidenciou que a orixe principal de todos eles era a reinfección antiga de focos sen baleiro sanitario previo, a veciñanza/relación con ditos focos ou a introdución de animais procedentes deles. A experiencia dos Servizos Veterinarios Oficiais (SVO) demostrou que as explotacións infectadas nas que non se realiza baleiro sanitario, debido á complexidade e á persistencia do axente patóxico causante no medio ambiente, irremediabilmente se reinfecaron tempo despois novamente e expandiron a infección ás explotacións veciñas ou a aquelas ás que venderon os seus animais. Todo isto co conseguinte risco sanitario para persoas e animais, como se puido demostrar.

A tuberculose bovina (CMT) é unha enfermidade de declaración obrigatoria para animais e persoas, e é a zoonose que maior impacto causa no mundo (e que maior impacto causou en Galicia en décadas recentes). Actualmente, no mundo, cada ano 1.6-2.1 millóns de persoas enferman por tuberculose zoonótica, é dicir, transmitida ás persoas polos animais ou os seus produtos. Galicia comezou o seu programa de erradicación da tuberculose bovina de xeito obrigatorio en 1990, polo que non podemos esquecer que non estivo sempre na situación actual. Actualmente, os Servizos Veterinarios Oficiais (en diante SVO) da Consellería do Medio Rural, a Consellería de Sanidade e o Instituto de Saúde Carlos III están desenvolvendo un estudo sobre a importancia desta zoonose na nosa rexión.

Deste xeito, os criterios seguidos ata agora están baseados na normativa, o criterio científico, a experiencia, e a necesidade de protexer a saúde pública e a todas as explotacións libres de Galicia.

En resposta á terceira cuestión formulada, debemos destacar que a infección causada polo complexo M. Tuberculosis, cando se confirma, implica que o rabaño está infectado. O cultivo microbiolóxico específico que se realiza (a partires das mostras recollidas post mortem nos animais nos que a autoridade competente

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





determina o seu sacrificio obrigatorio consecuencia das probas diagnósticas levadas a cabo) e a posterior detección do xenoma do axente infeccioso pola técnica RT-PCR confirmatoria na cepa cultivada, é unha proba denominada "de ouro" (ou gold standard), o que significa que esa confirmación é irrefutable e irrevogable e que, polo tanto, non son necesarias outras probas de confirmación. As probas diagnósticas nesta enfermidade son consideradas "probas de rabaño" polo que a partires dese momento, polas características da epidemioloxía da infección, considérase que o rabaño está infectado e que debe traballarse intensamente para erradicar a infección nel e evitar a persistencia do axente patógeno no mesmo e no medio ambiente desa explotación.

Por todo o anteriormente explicado, é función dos SVO evitar a dispersión da infección, que de producirse poñería en risco aos máis de 17.000 rabaños sans de carne de Galicia e ás persoas relacionadas directa e/ou indirectamente con eles (traballadores das explotacións gandeiras, operadores comerciais, transportistas, persoal de feiras/mercados, persoal traballador dos matadoiros, persoal veterinario, entre outros). E durante décadas de traballo exhaustivo coa infección, os SVO demostraron que o baleiro dos rabaños infectados era a principal vía de loita fronte á persistencia da infección.

Aludindo expresamente á explotación de Manzaneda, citada na exposición de motivos desta pregunta, é preciso reflectir que a cepa de tuberculose que afectou a esta explotación en 2023, foi exactamente a mesma que xa afectara ao resto de explotacións veciñas da mesma parroquia en 2013. Foron realizadas probas moleculares de alto nivel técnico (probas VNTR) ás cepas conxeladas preservadas dos focos de 2013 e comprobouse a persistencia nos animais e no medio da mesma cepa durante unha década, como mínimo. A non realización de baleiro sanitario, en 2013 irremediamente tivo consecuencias futuras, e serve de exemplo ao explicado.

No que se refire ás indemnizacións por sacrificio cómpre sinalar, que no ano 2024 o MAPA presentou no Comité de Alerta Sanitaria Veterinaria, no que participan todas as Comunidades Autónomas, o resultado dun estudo en relación aos importes establecidos no Real Decreto que establece os baremos de indemnización de animais sacrificados en programas de erradicación.

No dito estudo o MAPA tivo en conta que os importes percibidos polas persoas gandeiras que teñen que sacrificar animais corresponden ao valor da carne pagada polo matadoiro, e a indemnización abonada pola administración mediante o baremo establecido (valores medios dos animais por rango de idade).

Para os cálculos dos valores de vida deses animais se tiveron en conta os valores medios establecidos no Plan de Seguros Combinados (que aseguran que se axustan ao valor real dos bens asegurados), así como os prezos de vida en orixe obtida por comparación de mercados da Asociación de Lonxas Aelmo.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Para o cálculo do valor da carne pagada polos matadoiros se contou coa colaboración de 7 Comunidades Autónomas de estruturas produtivas diferentes, que facilitaron os datos exactos dos importes pagados polos matadoiros de 4.714 animais sacrificados nos programas de erradicación (3.500 de aptitude cárnica e 1.214 de aptitude leiteira), cos mesmos rangos de idade que os utilizados para o cálculo do valor medio de vida, e que ademais se compararon co Informe Semanal de Prezos e Mercados da carne de vacún en España, editado polo MAPA.

Comparáronse os importes obtidos da suma do valor carne pagada no matadoiro polos animais sacrificados en programas de erradicación, máis o importe de indemnización establecido no Real Decreto, cos valores medios para vida de ENESA (Plan de Seguros Combinados), e cos presos medios para vida de Lonxas e Mercados (Asociación de Lonxas Aelmo), e a conclusión de estudo presentado foi que en practicamente todos os rangos de idade os ingresos que perciben as persoas gandeiras (valor carne máis indemnización) están por enriba do valor vida dos animais, é dicir, que existían sobrecompensacións xeralizadas.

Poren, a Xunta de Galicia é consciente de que moitas veces os prezos dos novos animais mercados son superiores ao valor dos sacrificados (entre outras cousas, porque normalmente se adquieren animais máis novos e de mellor calidade), e que a realización dun baleiro supón un período de inactividade da explotación.

Por ese motivo, a maiores dos ingresos que perciben as persoas gandeiras polo valor da carne, e a indemnización por sacrificio segundo o baremos establecido polo MAPA, na nosa Comunidade a persoa titular dunha explotación sometida a baleiro sanitario ten dereito a axudas á reposición dos animais sacrificados e ao lucro cesante durante o período de inactividade da explotación tras o baleiro, para compensar os meses nos que non existiu produción na mesma. Esta liña de axudas é financiada exclusivamente con fondos propios da Xunta de Galicia. Todos os importes de indemnización e axudas vense ademais incrementados se a explotación está incluída nunha ADSG ou se se trata de animais inscritos en libros xenealóxicos de razas autóctonas ou a explotación ten un sistema produtivo ecolóxico.

Tamén hai que recordar que Galicia paga con fondos propios a realización de todas as limpezas e desinfeccións posteriores aos baleiros nas explotacións infectadas, co obxecto de evitar ese importante custo á persoa titular da explotación e impedir a persistencia do axente patóxeno no medio ambiente, así como no seu caso os importes abonadas polos seguros contratados, que tamén está subvencionado.

Con todas estas axudas, Galicia é a comunidade autónoma do Estado que aporta máis compensación ao persoal gandeiro pola realización de sacrificios individuais de reses ou de baleiros sanitarios. A gran maioría de rexións de España, libres de infección polo complexo M. tuberculosis, realizan baleiros sanitarios pero só contan coas indemnizacións por sacrificio; as tarefas de limpeza e desinfección teñen que ser costeadas pola persoa titular da explotación, e as axudas para reposición ou por lucro cesante na maioría dos casos non existen.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Os protocolos de baleiro sanitario de Galicia están adaptados para cumprir coa normativa vixente e coas peculiaridades da epidemioloxía da infección, tras anos de traballo exhaustivo e especializado do SVO, en colaboración cos centros de investigación máis punteiros do país (Visavet, Cresa, Irec, Instituto de Saúde Carlos III), sobre a sistemática para combater a persistencia da infección e para protexer a animais e persoas.

Non existe ningunha razón técnica que permita facer a distinción entre as pequenas explotacións familiares e outras de maior dimensión. A enfermidade non distingue se infecta un animal pertencente a un pequeno rabaño ou a unha explotación cun censo de centos de animais. Por outra banda, non hai que esquecer que o obxectivo da Consellería do Medio Rural é traballar pola persistencia do tecido gandeiro en Galicia, sen discriminar entre pequenas ou grandes explotacións, e tendo en conta que os baleiros sanitarios se acometen ademais de coa finalidade última de protexer a toda a cabana gandeira de Galicia, coa finalidade directa de preservar a viabilidade futura da explotación afectada.

A Consellería do Medio Rural dispón dun programa de formación continua especificamente dirixido ao seu persoal (incluído o persoal da empresa Tragsatec que executa as actuacións de diagnóstico en campo) no diagnóstico de tuberculose bovina co fin de que o persoal interveniente no programa das campañas de saneamento gandeiro coñeza toda a información necesaria que as persoas gandeiras poidan demandar. Así mesmo, participa en todos os foros nos que é requirida para comunicar ao sector gandeiro todas as medidas recomendadas en relación coa tuberculose bovina e o resto de enfermidades.

Por outra banda, a través dos medios de divulgación e información dispoñibles (intervención en medios de comunicación, impartición de charlas en xornadas formativas propias ou organizadas por outras entidades (sindicatos agrarios, cooperativas, asociacións de gandeiros...etc.), avisos na Oficina Agraria Virtual (OVGAN), os SVO facilitan toda a información que as persoas gandeiras poidan demandar. Así mesmo, existe información completa na páxina web da Consellería do Medio Rural.

Outra liña de actuación é a través do persoal veterinario das Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeira (ADSG) con quen existe unha comunicación permanente e fluída.

Finalmente, a rede de Oficinas Rurais da Consellería do Medio Rural a través dos SVO adscritos a ela está permanentemente dispoñible para achegar calquera información que poida ser demandadas polas persoas gandeiras.

Existe tamén información completa e de soporte técnico e legal nas páxinas web da Consellería do Medio Rural:

<https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/gandaria/sanidade-animal> e do MAPA

<https://www.mapa.gob.es/es/ganaderia/temas/sanidad-animal-higiene-ganadera/sanidad-animal/default.aspx>”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/08/2025 23:37:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30596
Data envío: 06/08/2025 23:37:50.982

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 22996**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Manuel Golpe Acuña, don Brais Ruanova Vilas-Boas e don Ramón Fernández Alfonzo, sobre **"o estado actual da tramitación do proxecto que pensa desenvolver a empresa de pneumáticos Sentury Tire Spain S. L. U. nas Pontes de García Rodríguez e dos parque eólicos vinculados a este proxecto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"Unha vez declarado como Proxecto Industrial Estratéxico o 06.10.2022, a empresa promotora presentou a documentación prevista no artigo 80 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro.

O 04.04.2023 publicouse no Diario Oficial de Galicia o anuncio polo que se sometían a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada (AAI), o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto denominado Fábrica de pneumáticos Sentury. Paralelamente a esta tramitación, e de conformidade co artigo 80.4 do Decreto Legislativo, solicitouse o informe dos órganos sectoriais afectados.

O 26.10.2023 publicouse a declaración de impacto ambiental do proxecto; non obstante, a día de hoxe non se chegou a ditar a autorización ambiental integrada do proxecto, xa que foron realizados varios requirimentos ao promotor que non foron respondidos na súa totalidade.

Así, tras varios requirimentos de emenda ao promotor, o 28.06.2024 remitiuse o último deles, co fin de que realizase unha serie de modificacións no proxecto e completase documentación técnica necesaria para obter a autorización ambiental integrada do proxecto. Non consta, a día de hoxe, que o promotor teña respondido a este.

Polo tanto, o cronograma previsto para os próximos fitos do proxecto depende da achega da documentación requirida por parte do promotor, para, a continuación, de ser o caso, proceder á aprobación da autorización ambiental integrada, obtención do preceptivo informe da Xunta Consultiva en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo e, por último, a aprobación polo Consello da Xunta. Para estes últimos fitos non é posible establecer unha previsión temporal xa que, tal e como se ten indicado, estaría condicionada á presentación da documentación requirida por parte do promotor.

Polo tanto, tal e como se constata, a demora por parte do promotor na presentación da documentación requirida é o aspecto máis crítico no desenvolvemento deste proxecto, e é o que provocou que este procedemento non estea finalizado na actualidade.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



En relación cos parques eólicos vencellados ao proxecto de Sentury Tire, o promotor subscribiu un contrato PPA de compravenda de enerxía a longo prazo co promotor enerxético dos parques eólicos Tesouro, Moeche e Caaveiro.

Debido á potencia instalada, superior en cada un deles aos 50 MW, límite que marca o artigo 3.13 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico, a tramitación correspóndelle á Administración Xeral do Estado, e en concreto ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

En calquera caso, segundo o artigo 6.4 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, non poderán implantarse parques eólicos fóra das áreas incluídas no Plan sectorial eólico de Galicia, a excepción das modificacións substanciais dos parques en funcionamento nos termos que se desenvolvan regulamentariamente, así como aqueles proxectos que teñan unha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social, posúan unha función vertebradora e estruturante do territorio e sexan declarados como tales polo Consello da Xunta de Galicia, a proposta da consellería competente en materia de enerxía. E esta previsión é de aplicación tanto aos parques eólicos de tramitación autonómica como estatal, polo que tamén lle aplica a estes parques.

Neste sentido, estes parques están fóra das áreas de desenvolvemento eólico. Por iso, precisaron da devandita declaración de excepcionalidade. Trala correspondente solicitude de excepcionalidade, baseada fundamentalmente nun contrato de compra-venta de enerxía a prezo competitivo a longo prazo con Sentury e con Alcoa para os tres parques, esta excepcionalidade foi declarada polo Consello da Xunta o 17.11.2022.

Non obstante, cómpre indicar que no caso do parque eólico Caaveiro, este parque xa tivo unha declaración de impacto ambiental negativa fundamentada nun informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

En calquera caso, a declaración da excepcionalidade realizada polo Consello da Xunta o 17.11.2022 está baseada nunhas condicións que, no caso de non cumprirse, determinarán que tal declaración quede sen efecto, excepto no suposto de que o promotor enerxético do parque eólico xustifique a excepcionalidade por outra vía".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/08/2025 12:02:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 12:02:19
Nº Rexistro: 30646
Data envío: 07/08/2025 12:02:19.098

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 23311**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Valcárcel Armesto e outros deputados e deputadas, sobre **"o incremento da superficie forestal ocupada por eucalipto, as medidas previstas pola Xunta de Galicia para controlar a súa plantación ilegal e a tramitación dunha eventual moratoria de novas plantacións ata 2030"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á interpelación con número 13806 e debatida no Pleno do Parlamento de Galicia do 20 de novembro de 2024; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZmE3ODQ5ZmItNjhlZS00YzYzLTk2MDctYTY2MzRmNTBhNDcy>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/08/2025 23:48:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30613
Data envío: 06/08/2025 23:48:40,045

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 23590**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, dona Montserrat Valcárcel Armesto e don Secundino Fernández Fernández, sobre **"as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para garantir o cumprimento da lexislación vixente en materia de prevención de incendios forestais no Carballiño"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A lei 3/2007 de prevención e defensa contras os incendios forestais define no seu artigo 20.bis as redes primarias de xestión de biomasa, indicando que será obrigatorio para as persoas responsables *"Ao longo da rede de autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais, deberase xestionar a biomasa vexetal, de acordo cos criterios estipulados nesta lei, nos terreos incluídos na zona de dominio público. Ademais, nos ditos terreos non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira"*.

Polo tanto, son éstas as obrigas establecidas dende o punto de vista dos incendios forestais, limitadas á zona de dominio público, non á multitude de propiedades particulares que podían lindar coas estradas. A perigosidade para a circulación por presenza de árbores caídas ou invasión de ramas é un aspecto distinto ao da perigosidade por incendios forestais.

Xa en concreto para a estrada e tramo en cuestión, nas súas marxes practicamente non se aprecian restos recentes de árbores ou ramas caídas. Nas beiras da estrada se realizan rozas mecanizadas; no momento actual en que a vexetación medra con gran vigor e tendo en conta que aínda non se realizou a súa roza non presenta un porte excesivo. Ademais, sendo unha zona na que as acacias son especialmente abundantes ao longo do percorrido desta vía de comunicación a súa presenza é bastante reducida.

Ao longo do trazado as masas arboradas existentes están compostas principalmente por frondosas autóctonas (carballos, castiñeiros...) en estado de fustal e que polo xeral superan os 50 anos de idade. Tamén existe unha representación de *Pinus pinaster* (piñeiro do país) en estado de fustal e con idades superiores aos 30-40 anos. A carga de biomasa existente nestas masas é moi reducida grazas ao control que o arborado exerce sobre a mesma. Tanto os piñeiros coma as frondosas presentan unha altura considerable do seu fuste libre de ramas. Tendo en conta o anterior e pesar de que algunhas árbores se atopan próximas á estrada no caso de producirse un incendio a súa propagación será menor ca se este arborado non estivese presente.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





En canto á seguridade para a circulación dos vehículos non parece que a vexetación existente condicione a visibilidade ou a circulación destes, salvo no caso de vehículos dunha altura considerable que poderían rozar con algunha das ramas que sobrevoan a estrada. Estando sempre presente a posibilidade de que poida caer sobre a estrada algunha árbore para eliminar este risco, tendo en conta as dimensións do arborado, sería preciso actuar nunha faixa de 15-30 metros a cada lado da zona de rodadura o que implicaría unha actuación moito máis aló das faixas que establecen as leis de incendios e montes.

Por último, indicar que non se ten constancia de que ningunha das persoas propietarias e/ ou veciños da contorna contactase con persoal do distrito forestal ou servizo de prevención de incendios forestais con relación a este asunto”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/08/2025 23:48:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30612
Data envío: 06/08/2025 23:48:33,661

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 23592**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e outros deputados e deputadas, sobre **"a política preventiva, indemnizatoria, informativa e compensatoria que segue a Xunta de Galicia ante a enfermidade hemorráxica epizoótica"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 20303 e debatida no Pleno do Parlamento de Galicia do 12 de marzo de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YjQ1ZjRkMjAtNTU3Ny00N2VhLTlhMjctZjY0ZjI1NzNhZWUw>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/08/2025 23:48:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30611
Data envío: 06/08/2025 23:48:26.410

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 23931**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, don Carlos López Font e dona Paloma Castro Rey, sobre **"a fase en que se atopa a construción de vivendas de promoción pública por parte da Xunta de Galicia no polígono do Bertón, no concello de Ferrol, e os compromisos orzamentarios vinculados a estas actuacións"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Na actualidade están en marcha as actuacións (adxudicadas obras e/ou redacción de proxecto) nun total de 7 parcelas en O Bertón, coa previsión de construír 363 vivendas na cidade, cun orzamento comprometido de 80 M€.

Delas 199 VPP repartidas en 3 bloques teñen o proxecto de obra xa adxudicado.

Outras 116 VPP en 2 bloques teñen o proxecto de obra licitado.

Dous edificios teñen obra adxudicada, deles: 24 VPP na parcela 1 adxudicada a Prace o 11/06/2025 e 24VPP na parcela 2 adxudicada a Seranco o 6/06/2025. Para estes dous inmobles do IGVS comezamos recentemente a súa execución".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/08/2025 10:11:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 10:11:39
Nº Rexistro: 30688
Data envío: 08/08/2025 10:11:39.437

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 24194**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Manuel Golpe Acuña, don Ramón Fernández Alfonzo e don Brais Ruanova Vilas-Boas, sobre **"o estado en que está a tramitación do proxecto para a instalación da fábrica de pneumáticos de Sentury Tire Spain S. L. U. no concello das Pontes"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"Unha vez declarado como Proxecto Industrial Estratéxico o 06.10.2022, a empresa promotora presentou a documentación prevista no artigo 80 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro.

O 04.04.2023 publicouse no Diario Oficial de Galicia o anuncio polo que se sometían a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada (AAI), o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto denominado Fábrica de pneumáticos Sentury. Paralelamente a esta tramitación, e de conformidade co artigo 80.4 do Decreto Legislativo, solicitouse o informe dos órganos sectoriais afectados.

O 26.10.2023 publicouse a declaración de impacto ambiental do proxecto; non obstante, a día de hoxe non se chegou a ditar a autorización ambiental integrada do proxecto, xa que foron realizados varios requirimentos ao promotor que non foron respondidos na súa totalidade.

Así, tras varios requirimentos de emenda ao promotor, o 28.06.2024 remitiuse o último deles, co fin de que realizase unha serie de modificacións no proxecto e completase documentación técnica necesaria para obter a autorización ambiental integrada do proxecto. Non consta, a día de hoxe, que o promotor teña respondido a este.

Polo tanto, o cronograma previsto para os próximos fitos do proxecto depende da achega da documentación requirida por parte do promotor, para, a continuación, de ser o caso, proceder á aprobación da autorización ambiental integrada, obtención do preceptivo informe da Xunta Consultiva en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo e, por último, a aprobación polo Consello da Xunta. Para estes últimos fitos non é posible establecer unha previsión temporal xa que, tal e como se ten indicado, estaría condicionada á presentación da documentación requirida por parte do promotor.

Polo tanto, tal e como se constata, a demora por parte do promotor na presentación da documentación requirida é o aspecto máis crítico no desenvolvemento deste proxecto, e é o que provocou que este procedemento non estea finalizado na actualidade".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/08/2025 12:02:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 12:02:04
Nº Rexistro: 30644
Data envío: 07/08/2025 12:02:04.390

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 24785**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e don Luis Bará Torres, sobre **"as previsións que ten a Xunta de Galicia en caso de decidir a reparación das vías de servizo da estrada PO-533 entre Lalín e o alto do Faro"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta ten acometido varias actuacións de mellora e pavimentación na estrada PO-533, que conecta Lalín con Alto do Faro e vertebra o concello de Rodeiro. Estas intervencións supuxeron unha mellora progresiva do estado do firme, unha renovación da sinalización e unha actualización das condicións de seguridade viaria. En conxunto, suman máis de 4,8 millóns de euros investidos neste eixo estratéxico.

A estrada PO-533 non só ten sido obxecto de mantemento ordinario, senón tamén de melloras estruturais recorrentes, cun compromiso continuado por parte da Xunta para garantir unha mobilidade segura, eficiente e moderna. Rodeiro conta hoxe cun dos tramos máis coidados deste corredor grazas a unha política sostida de investimento e renovación.

As últimas actuacións foron:

A mellora puntual do firme en 2020.

A rehabilitación da travesía en 2015.

E as grandes obras de reforzo e seguridade executadas ata 2012.

A AXI ten previsto iniciar en breve a revisión do estado do firme da PO-533, co obxectivo de planificar a campaña de mellora de firmes de 2026. Ademais, deuse indicación de que se revisase tamén o estado dos camiños de servizo, de cara a incluílos nun proxecto de reforzo de firme a redactar xa neste mesmo ano.

En paralelo, cómpre lembrar que a A-72, autovía de competencia estatal chamada a conectar Monforte con Lalín como prolongación da A-76 (Ponferrada-Ourense), contempla o aproveitamento parcial do trazado actual da PO-533.

Porén, non hai indicios de que o Goberno do Estado teña intención de activar esta infraestrutura a curto prazo, do mesmo xeito que a A-76 tampouco presenta avances significativos".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/08/2025 12:01:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 12:01:56
Nº Rexistro: 30643
Data envío: 07/08/2025 12:01:56.416

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 24852**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández e dona Alexandra Fernández González, sobre **“a situación actual do edificio da praza de abastos de Viana do Bolo, rehabilitado a través do Plan Hurbe pola Consellería de Medio, Ambiente, Territorio e Vivenda”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“O 13/04/2022 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Viana do Bolo subscribiron un acordo de cooperación para acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na rehabilitación integral da praza de abastos.

Cómpre lembrar que a Xunta puxo en marcha o Plan HURBE hai 15 anos, co fin de acometer actuacións orientadas a frear o despoboamento, potenciando as infraestruturas, servizos e equipamentos e mellorando o benestar e a calidade de vida dos seus habitantes.

Nese sentido, a recuperación da praza de abastos de Viana do Bolo é unha actuación acorde cos obxectivos deste programa, ao mellorar os equipamentos e as dotacións, aumentando a variedade e elevando os niveis dos servizos existentes no municipio.

A rehabilitación integral que se propón neste proxecto ten por obxectivo recuperar este edificio público e xerar espazos acondicionados e de calidade que permitan que se desenvolva de novo o comercio no seu interior, actividades sociais e que sirva aos servizos municipais configurándose como un edificio de usos múltiples que sirva como punto de encontro para a veciñanza e para poñer en valor a calidade dos produtos da nosa terra.

As prazas de abastos son un dos axentes dinamizadores máis importantes no ámbito do comercio de proximidade. Constitúen infraestruturas clave do territorio galego. Máis aló da súa función comercial, estes espazos articulan a vida cotiá das vilas e cidades, conectando produción e consumo, o rural e o urbano, o pasado e o presente.

Este papel fundamental das prazas de abastos ponse de manifesto no Plan Estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030, que as reflicte como espazos comerciais clave no eido do produto fresco, destacando polo seu produto e pola confianza que xera a súa orixe e a relación persoal das persoas comerciantes coa clientela.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



A través dos mercados e as prazas de abastos canalízase o consumo dos produtos km 0, produtos de alta calidade e cun alto compoñente de sostibilidade, non só pola proximidade ao lugar de produción, senón pola súa importancia á hora de fixar poboación no rural e manter as terras cultivadas. Contar cun mercado de calidade incide tamén na defensa da excelencia dos nosos produtos.

A obra de rehabilitación da praza de abastos para mercado e locais sociais adxudicouse por un importe de 590.558,65 €, IVE engadido.

A acta de recepción de conformidade pola consellería promotora das obras asinouse o 22/12/2022. Posteriormente, en cumprimento da cláusula segunda, a obra cedéuselle ao Concello mediante escrito do 28/02/2024, momento no que xorden as súas obrigas de explotación, mantemento e conservación.

Con data do 15/07/2024 o Concello de Viana do Bolo fixo efectivo o ingreso no Tesouro da cantidade correspondente ao 30% do investimento total realizado, polo que non queda pendente de cumprimento ningunha das obrigas derivadas do acordo de cooperación para as administracións asinantes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/08/2025 10:11:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 10:11:21
Nº Rexistro: 30685
Data envío: 08/08/2025 10:11:21.199

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 24904**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Valcárcel Armesto e outros deputados e deputadas, sobre **"a eventual retirada por parte da Xunta de Galicia da declaración de iniciativa empresarial prioritaria ao proxecto da empresa Bioenergía Lugo S. L. para a instalación en Coeses, no concello de Lugo, dunha planta de biometanización"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"De acordo co establecido no artigo 44 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, vixente no momento de declaración do proxecto como iniciativa empresarial prioritaria, os efectos da dita declaración eran os seguintes:

"Artigo 44. Efectos vinculados á declaración de iniciativa empresarial prioritaria.

1. Os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico darán carácter prioritario á realización dos trámites da súa competencia relacionados coas iniciativas empresariais prioritarias, de forma que se axilice a súa implantación e posta en marcha.
2. A existencia dunha declaración de iniciativa empresarial prioritaria determinará a concorrencia de razóns de interese público para os efectos da tramitación de urxencia dos procedementos relacionados con tales iniciativas, polo que, unha vez declarada a tramitación de urxencia polo órgano competente de acordo con o establecido polo artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os prazos establecidos para o procedemento ordinario reduciranse á metade, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos.
3. Tras ser declarado un proxecto como iniciativa empresarial prioritaria, a Oficina Doing Business en Galicia, prevista na Orde do 14 de xaneiro de 2016 pola que se crea a oficina Doing Business en Galicia e dáse publicidade aos modelos de propostas para a mellora da regulación económica e de comunicación de obstáculos e barreiras á actividade empresarial, realizará o seguimento e impulso dos trámites administrativos ulteriores necesarios para a súa implantación.
4. Será requisito necesario para o mantemento da declaración de concellos emprendedores-Doing Business pola Xunta de Galicia e a Fegamp o recoñecemento do carácter prioritario nos trámites e a adopción do acordo de tramitación urxente previsto neste artigo respecto a os procedementos da súa competencia relacionados coas iniciativas empresariais prioritarias."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Polo tanto, a declaración dun proxecto como iniciativa empresarial prioritaria supoñía unha redución de prazos e o carácter prioritario á realización dos trámites no seo dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico, pero non presupoñía o resultado final da tramitación ambiental do dito proxecto, que será a que determine se o proxecto é viable desde o punto de vista ambiental e, polo tanto, se pode ser executado.

Por esta razón, e dado que a dita declaración non supón vantaxes con respecto ao resultado final da tramitación, a lexislación relativa ás iniciativas empresariais prioritarias non prevía a retirada da declaración dun proxecto, polo que, neste caso, tampouco procedería a dita retirada para o proxecto indicado.

En calquera caso, cómpre sinalar que o 31 de marzo de 2025 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Anuncio do 19 de marzo de 2025, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, polo que se lle deu publicidade á resolución pola que se denegou a solicitude de autorización ambiental integrada a Bioenergía Lugo, S.L.U. para unha planta de xestión de residuos orgánicos e produción de biometano para a súa inxección na rede, situada no concello de Lugo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/08/2025 23:50:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30617
Data envío: 06/08/2025 23:50:53,497

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25352**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e don Brais Ruanova Vilas-Boas, sobre **"a autorización dunha planta de fundición de chatarra de aluminio en Coirós, o diálogo da Xunta de Galicia con representantes municipais e veciñais deste concello e as medidas de reforzo para a autorización ambiental"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"A Declaración de Impacto Ambiental deste proxecto publicouse no DOG o pasado mes de xuño despois de pasar, entre outros, o trámite de información pública (DOG núm. 161, do 22 de agosto de 2024), que concluíu o 07.10.2024, garantindo a participación do público en xeral.

Na actualidade, o proxecto está na fase da tramitación da Autorización Ambiental Integrada (AAI), na que se poden presentar cantas alegacións se consideren oportunas, nos termos establecidos na normativa reguladora en materia de prevención e control integrados da contaminación".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/08/2025 23:50:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30616
Data envío: 06/08/2025 23:50:46,296

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25363**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Valcárcel Armesto e outros deputados e deputadas, sobre **"a eventual retirada por parte da Xunta de Galicia da declaración de iniciativa empresarial prioritaria ao proxecto da empresa Bioenergía Lugo S. L. para a instalación en Coeses, no concello de Lugo, dunha planta de biometanización"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"De acordo co establecido no artigo 44 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, vixente no momento de declaración do proxecto como iniciativa empresarial prioritaria, os efectos da dita declaración eran os seguintes:

"Artigo 44. Efectos vinculados á declaración de iniciativa empresarial prioritaria.

1. Os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico darán carácter prioritario á realización dos trámites da súa competencia relacionados coas iniciativas empresariais prioritarias, de forma que se axilice a súa implantación e posta en marcha.
2. A existencia dunha declaración de iniciativa empresarial prioritaria determinará a concorrencia de razóns de interese público para os efectos da tramitación de urxencia dos procedementos relacionados con tales iniciativas, polo que, unha vez declarada a tramitación de urxencia polo órgano competente de acordo con o establecido polo artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os prazos establecidos para o procedemento ordinario reduciranse á metade, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos.
3. Tras ser declarado un proxecto como iniciativa empresarial prioritaria, a Oficina Doing Business en Galicia, prevista na Orde do 14 de xaneiro de 2016 pola que se crea a oficina Doing Business en Galicia e dáse publicidade aos modelos de propostas para a mellora da regulación económica e de comunicación de obstáculos e barreiras á actividade empresarial, realizará o seguimento e impulso dos trámites administrativos ulteriores necesarios para a súa implantación.
4. Será requisito necesario para o mantemento da declaración de concellos emprendedores-Doing Business pola Xunta de Galicia e a Fegamp o recoñecemento do carácter prioritario nos trámites e a adopción do acordo de tramitación urxente previsto neste artigo respecto a os procedementos da súa competencia relacionados coas iniciativas empresariais prioritarias."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Polo tanto, a declaración dun proxecto como iniciativa empresarial prioritaria supoñía unha redución de prazos e o carácter prioritario á realización dos trámites no seo dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico, pero non presupoñía o resultado final da tramitación ambiental do dito proxecto, que será a que determine se o proxecto é viable desde o punto de vista ambiental e, polo tanto, se pode ser executado.

Por esta razón, e dado que a dita declaración non supón vantaxes con respecto ao resultado final da tramitación, a lexislación relativa ás iniciativas empresariais prioritarias non prevía a retirada da declaración dun proxecto, polo que, neste caso, tampouco procedería a dita retirada para o proxecto indicado.

Por outra parte, o proxecto ao que se fai referencia é de iniciativa privada, polo que a súa localización, igual que a de todos os proxectos promovidos por outras empresas, é escollida polo promotor do proxecto e non pola Xunta de Galicia, correspondendo á Xunta de Galicia, no ámbito das súas competencias, tramitalo conforme sexa solicitado ante a Administración Autonómica por parte do promotor.

No caso de que un proxecto deste tipo sexa tramitado ante a Xunta de Galicia noutra localización por parte do mesmo ou doutro promotor, aplicaranse os procedementos previstos na normativa vixente para determinar o seu cumprimento, co fin de determinar se é posible a súa implantación.

En calquera caso, cómpre sinalar que o 31 de marzo de 2025 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Anuncio do 19 de marzo de 2025, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, polo que se lle deu publicidade á resolución pola que se denegou a solicitude de autorización ambiental integrada a Bioenergía Lugo, S.L.U. para unha planta de xestión de residuos orgánicos e produción de biometano para a súa inxección na rede, situada no concello de Lugo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/08/2025 23:50:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30615
Data envío: 06/08/2025 23:50:40,651

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25557**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"a postura do Goberno galego ante a posibilidade de prolongar a moratoria das plantacións de eucalipto máis aló de 2025 e a política de planificación forestal que prevé levar a cabo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á interpelación con número 13806 e debatida no Pleno do Parlamento de Galicia do 20 de novembro de 2024; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZmE3ODQ5ZmItNjhlZS00YzYzLTk2MDctYTY2MzRmNTBhNDcy>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/08/2025 15:48:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30425
Data envío: 04/08/2025 15:48:53.063

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25926**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López e dona María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre **"a valoración que fai o Goberno galego do risco actual de entrada da febre aftosa en Galicia e as súas medidas de prevención ao respecto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A febre aftosa está incluída na Lista única de enfermidades de notificación obrigatoria da Organización Mundial da Sanidade Animal (OMSA), e tamén na categoría A de enfermidades de notificación obrigatoria (en menos de 24 horas) da Unión Europea, conforme ao recollido especificamente no Regulamento (UE) 2016/429 do Parlamento Europeo e do Consello do 09.03.2016.. Na dita categoría figuran enfermidades que non están presentes na UE e que os Estados Membros deben controlar e erradicar de xeito urxente en canto se detecten no seu territorio.

España está considerada libre de febre aftosa desde 1989, ano no que se prohibiu a vacinación fronte á enfermidade. O derradeiro brote en España foi detectado en 1986, nunha explotación bovina da comarca veterinaria de Talavera de la Reina (Toledo). O risco de infección segundo estes datos é baixo, non obstante, a enfermidade é endémica noutras partes do mundo (o Magreb entre elas), o que implica sempre un risco potencial de introdución a través de diversas vías, como está ocorreu en 2025 en Alemaña, Hungría e Eslovaquia.

En España, no que respecta ás devanditas enfermidades da categoría A, cabe destacar que as medidas a executar deben ser tomadas tras decisión do Comité da Rede de Alerta Sanitaria Veterinaria (RASVE), e ser aprobadas pola Comisión Europea, conforme á normativa de referencia. O comité RASVE é un órgano colexiado adscrito ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), que inclúe representación de todas as comunidades autónomas e que se encarga de coordinar a vixilancia e control das enfermidades dos animais, indicando as actuacións necesarias para podelas previr, evitar a súa difusión e erradicar.

A febre aftosa é unha enfermidade de orixe vírica, que afecta a diferentes especies de mamíferos, sendo especialmente máis sensibles os bovinos. A vía de transmisión principal é a través da inhalación de aerosois por contacto cun animal enfermo, con materiais infectados ou a través do aire inhalado con partículas virais.

O principal risco de entrada da infección en España é a importación de animais infectados ou de produtos de orixe animal contaminados (carne, leite, seme...). Os vehículos que transportan estes animais ou produtos poden ser tamén vectores de transmisión.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Galicia está traballando en colaboración co MAPA (e este en colaboración coa Comisión Europea) para previr a entrada da infección, preservar a sanidade animal, evitar os impactos sanitarios e económicos negativos e avanzar na prevención e na mellora da bioseguridade nas explotacións gandeiras.

Tal e como se explicou, as medidas fronte ás enfermidades da categoría A (no marco normativo europeo) adóptanse a nivel nacional e europeo. Nesa liña, nos derradeiros meses, publicouse normativa relativa a medidas de emerxencia e establecemento de zonas restrinxidas na Unión Europea:

-Decisión de Execución (UE) 2025/323 da Comisión, do 11 de febreiro de 2025, relativa a determinadas medidas de emerxencia en relación coa febre aftosa en Alemaña e pola que se derroga a Decisión de Execución (UE) 2025/186.

-Decisión de Execución (UE) 2025/613 da Comisión, do 24 de marzo de 2025, relativa a determinadas medidas de emerxencia en relación coa febre aftosa en Hungría e pola que se derroga a Decisión de Execución (UE) 2025/496.

Compre indicar que, grazas á implantación das medidas de contención nas zonas nas que detectaron casos, que consisten na prohibición de movementos de animais e produtos desde estas zonas, o risco de introdución do virus minimizouse. Ademais, o MAPA recomendou ás autoridades sanitarias das comunidades autónomas o reforzo das medidas de limpeza e desinfección dos medios de transporte, o que diminuírá o risco de entrada da infección na nosa comunidade autónoma.

Respecto ás medidas concretas de prevención, as autoridades sanitarias de Galicia levan máis de 10 anos preparándose e formándose para afrontar un foco de febre aftosa, a través da formación específica impartida polo grupo experto EuFMD (Comisión Europea para el control da febre aftosa) pertencente á FAO (Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e Agricultura). A formación inicialmente destinouse a formar ás persoas profesionais responsables da planificación e control destas casuísticas, para que estes despois podan exercer de formadores e así a información se difunda entre os SVO, outros colectivos sanitarios veterinarios e o sector gandeiro, entre outros.

En 2015, cinco responsables dos SVO participaron voluntariamente nun Curso on line de febre aftosa organizado polo grupo EuFMD. Ese mesmo ano, unha persoa responsable dos SVO acudiu a coñecer un foco de febre aftosa a tempo real, co obxecto de recoñecer a epidemioloxía e sintomatoloxía e proceder á toma de mostras diagnósticas, no marco dun curso a tempo real organizado tamén polo dito grupo EuFMD.

En 2019, oito responsables dos SVO acudiron voluntariamente a un simulacro de sospeita de foco de febre aftosa nun territorio transfronteirizo España-Portugal, que tivo lugar en Jerez dos Cabaleiros (Badaxoz), organizado polo MAPA e por EuFMD.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Desde 2022 ata a actualidade, todo o colectivo dos SVO tivo a opción de asistir voluntariamente a seminarios on line sobre a febre aftosa, vacinación como estratexia para o control de enfermidades e bioseguridade, organizados polo MAPA e EuFMD.

Á súa vez, os SVO receptores desa información transmitírona aos veterinarios da empresa pública Tragsatec (que ten a encomenda para a realización das campañas de saneamento gandeiro) e aos veterinarios das Asociacións de defensa sanitaria gandeira, entre outros.

Por outra banda, toda a información epidemiolóxica actualizada periodicamente remitida desde o MAPA, así como as medidas recomendadas de bioseguridade e prevención, foron sendo transmitidas desde xaneiro de 2025 aos Colexios oficiais de veterinarios, sector gandeiro, integradoras, ADSG e resto de colectivos relacionados. En concreto, como se expón na resposta anterior, fíxose fincapé no reforzo das medidas de limpeza e desinfección dos vehículos que transportan gando.

A formación e transmisión da información recibida ten como obxecto que os destinatarios coñezan as medidas preventivas e de bioseguridade recomendadas para evitar a entrada da infección, así como que sexan capaces de recoñecer os síntomas e lesións, no caso de que apareza unha sospeita relacionada.

Tal e como se indicou en apartados anteriores, neste contexto a principal medida de protección para as granxas de Galicia é o cumprimento das condicións sanitarias de movemento, tanto nas importacións como nos intercambios de animais vivos dentro da Unión Europea. Tamén se citou que as medidas de actuación para control da infección van a estar sempre dirixidas polas autoridades competentes da Unión Europea e do MAPA, que contan desde hai anos con procedementos de actuación no que se inclúen comunicacións aos sectores implicados.

En calquera caso, ante a non desexable aparición dun foco de febre aftosa, a estratexia de control recomendada polas autoridades sanitarias de España é o baleiro sanitario das explotacións afectadas, a implantación de estritas medidas de bioseguridade, vixilancia sanitaria reforzada e control de movementos para evitar a propagación da enfermidade como marca a normativa comunitaria e nacional ao respecto. Por outra banda, a vacinación de urxencia na súa modalidade de supresión ou preventiva pode xogar un papel moi importante no control e na erradicación da febre aftosa, se así fose aprobada a actuación polo Comité RASVE e a Comisión Europea.

Así, o MAPA elaborou un Manual práctico de operacións na loita contra a febre aftosa, que serve como guía de traballo aos SVO para poder ofrecer unha resposta rápida e eficaz en caso de sospeita e de confirmación. Este Manual debe utilizarse no marco do Plan coordinado estatal de alerta sanitaria veterinaria, integrado na normativa vixente en materia de sanidade e benestar animal.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Ademais, Galicia está actualizando un plan de continxencia específico para esta enfermidade, co obxecto de adaptar o Plan coordinado estatal de alerta sanitaria veterinaria ás condicións específicas de Galicia, tendo en conta aos principais axentes involucrados (unidades administrativas, forzas e corpos de seguridade, asociacións sectoriais, empresas de servizos veterinarios, ADSG, expertos en materias relacionadas, empresas de eliminación de subprodutos de orixe animal non destinados a consumo humano, etc.)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/08/2025 15:48:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30424
Data envío: 04/08/2025 15:48:47,202

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 27931**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López e dona Carmen Rodríguez Dacosta, sobre **"as previsións do Goberno galego no que atinxe á dotación orzamentaria das convocatorias dos anos 2025 e 2026 do Plan Camiña Rural"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural vén convocando de xeito ininterrompido dende o ano 2013 a convocatoria de axudas á mellora de camiños de titularidade municipal.

Nas últimas 10 convocatorias mobilizáronse en total preto 170 M€, dos cales case 100 M€ se corresponden a 6 convocatorias financiadas exclusivamente con fondos propios da Xunta de Galicia.

Isto supuxo un importantísimo esforzo dende o punto de vista orzamentario.

Dende a Consellería de Medio Rural considérase esencial promover accións encamiñadas a executar obras para conservar e mellorar as infraestruturas rurais xa que dan lugar a cohesión territorial e social, mellorando desta forma a calidade de vida e traballo no medio rural. En particular os camiños rurais:

- Facilitan a accesibilidade e vertebración do territorio.
- Contribúen ao aumento da competitividade forestal e agraria xa que facilitan o tránsito de maquinaria ás explotacións agrarias, o que redunda nunha maior axilidade das operacións agrarias, nunha redución de custos e dos tempos necesarios para poñer os produtos no mercado.

Todas as infraestruturas requiren de mantemento e acondicionamento para que poidan seguir cumprindo coas súas funcións, pero débese ter en conta que os recursos son limitados e as necesidades a atender son moitas.

En canto aos criterios de reparto dos fondos e no marco de colaboración que debe rexer a relación entre administracións públicas, compre sinalar que a Axencia acordou coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) os criterios de reparto dos fondos públicos vinculados a cada convocatoria.

Os criterios empregados son completamente obxectivos e públicos (tale como figuran no Anexo I da convocatoria), e moitos deles coincidentes cos que se plantexan na súa pregunta. . No caso do Plan Camiña Rural 2025-26 foron:

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asignación fixa por concello: 25.975 €

Asignación por habitante (*): 10 €

(*) *Habitantes: máximo por concello: 26.000 €.*

(*) *Habitantes: mínimo por concello: 12.500 €.*

Asignación por entidade de poboación: 85 €.

Esta asignación inicial corríxese cos seguintes coeficientes:

a) Superficie do concello

Superficie do concello, $S < 50 \text{ km}^2$: decrecemento 10 %.

Superficie do concello, $50 < S < 100 \text{ km}^2$: sen variación.

Superficie do concello, $100 < S < 200 \text{ km}^2$: incremento 10 %.

Superficie do concello, $S > 200 \text{ km}^2$: incremento 20 %.

b) Coeficiente de agrariedade do concello

Agrariedade, $A < 60 \%$: decrecemento 10 %.

Agrariedade, $60 \% < A < 100 \%$: sen variación.

Agrariedade, $A > 100 \%$: incremento 10 %.

c) Grao de despoboamento $> 20 \%$: incremento 10 %.

d) Zona de montaña: incremento 5 %.

Datos de cálculo:

- Despoboamento: evolución demográfica. Prímanse os concellos con demografía negativa (habitantes 1999-habitantes 2023/habitantes 2023).

- Zona de montaña: Prímanse os concellos que teñen a consideración de zonas de montaña, segundo a definición que resulta da medida 13 do PDR de Galicia 2014-2020.

- Coeficiente de agrariedade calcúlase do seguinte xeito coa seguinte formula polinómica:

$$A = 0,3 \cdot Ex + 0,35 \cdot S + 0,15 \cdot Ep + 0,2 \cdot M$$

Ex = % Numero total explotacións/poboación total concello.

S = % Superficie declaración PAC/superficie total concello.

Ep = % Explotacións prioritarias/explotacións totais concello.

M = Maquinaria agraria automotriz concello/poboación total concello.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Datos utilizados:

Entidades singulares de poboación: Nomenclátor IGE 2023

Superficie dos concellos: IGE 2023

Poboación total concellos: IGE 2023

Despoboamento: IGE 1999 e 2023

Agrariedade: REAGA 2023, ROMA 2023 e Declaración PAC 2023

De cara ao ano 2026, e tendo en conta que a data desta contestación se trata de previsións orzamentarias e que poden variar, a Consellería do Medio Rural, ten previsto seguir dotando orzamentariamente o Plan Camiña Rural, nunha contía similar a dos anos anteriores".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/08/2025 15:42:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30416
Data envío: 04/08/2025 15:42:19.961

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 27950**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López e dona Carmen Rodríguez Dacosta, sobre **"as medidas que prevé por en marcha o Goberno galego co fin de impulsar a promoción e a comercialización da carne de vacún galega"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Por proposta do Consello Regulador das IXPs Ternera Gallega e Vaca Gallega – Buey Gallego (como organización de produtores recoñecida para a xestión das dúas IXPs) a Axencia Galega da Calidade Alimentaria tramitou a modificación do Prego de Condicións da IXP Ternera Gallega co acabado e acortellado obrigatorio dos animais de Ternera Gallega Suprema nos 2 últimos meses antes do sacrificio.

Esta medida estaba contemplada como prioritaria na Estratexia da Carne de Galicia (2022-2023) e no Manual de Sistemas de Manexo e Alimentación en Ternera Gallega Suprema (2023), ambas actuacións promovidas pola Consellería do Medio Rural e foron desenvolvidas en colaboración co sector.

O desequilibrio estacional está asociado esencialmente á produción de Ternera Gallega Suprema (TGS). Adoptar medidas para evitar ou limitar este desequilibrio produtivo implica en moitos casos alterar o manexo da cabana e a xestión das praderías, cos custos engadidos que se xeran.

Desde fai anos, desde o Consello Regulador estase intentando convencer aos gandeiros dos beneficios económicos de traballar na planificación de partos pero para lograr a súa implicación sería necesario unha diferenza de prezo substancial entre verán e inverno, difícil de acadar, que garanta un beneficio económico real para as explotacións que a practiquen.

No Consello Regulador téñense acordadas outras actuacións para paliar o desequilibrio estacional, como centrar o esforzo promocional e comercial na época invernall ou estudar a modificación de idade límite para o sacrificio dos animais de TGS. Tendo en conta a evolución da oferta de gando e do consumo de carne de Ternera Gallega durante o ano, o incremento de idade de sacrificio permitiría unha marxe de saída dos animais máis acorde coas necesidades de mercado coa conseguinte mellora e estabilidade de prezos. Esta medida como contrapartida podería supoñer a perda dun dos piares de diferenciación da nosa carne (animais sacrificados a idades temperás) e tamén unha diminución na calidade de TGS. O Pleno do Consello Regulador avaliou e rexeitou esta medida xa que considerou que se perdía a esencia de TGS.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



A situación actual do mercado da carne de vacún en toda Europa cunha demanda que excede á oferta, está provocando unha distorsión do mercado cunha inflación continuada nos prezos. Esta situación está favorecendo a rendibilidade das explotacións sendo as industrias as prexudicadas pola dificultade de trasladar prezos e marxes ao comercio. Outra das consecuencias e a perda da diferenciación no mercado xa que prima o aprovisionamento e perden importancia cuestións como a calidade do produto, a orixe etc. Nesta situación, é primordial manter e transmitir os aspectos diferenciais que permitan manter a competitividade do noso sector cárnico de vacún unha vez se produza a regulación entre a oferta e a demanda. Estas medidas pasan por fortalecer a nosas IXPs e a súa presenza no mercado, de forma primordial nos mercados alleos a Galicia.

Para iso, no marco do Plan Estratéxico da PAC, a Axencia galega da Calidade Alimentaria convocou este ano axudas para apoiar a promoción e a comercialización dos produtos agroalimentarios galegos de calidade cun orzamento total de tres millóns de euros, axudas ás que se pode acoller o Consello Regulador para levar a cabo actividades de promoción e fomento da comercialización na liña comentada. Ademais, nos orzamentos de 2025 a Axencia conta con algo máis de cinco millóns de euros para financiar accións directas de promoción dos produtos de calidade, das que se están a beneficiar os consellos reguladores, entre eles o das IXP Ternera Gallega e Vaca Gallega-Buey Gallego.

Polo tanto, a Xunta xa está a traballar no impulso da comercialización da carne de vacún de calidade amparada polas nosas indicacións xeográficas protexidas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/08/2025 15:42:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30413
Data envío: 04/08/2025 15:42:01.355

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada e deputado **Iria Taibo Corsanego** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a seguridade viaria na AC-523, en Culleredo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O cruce de Ledoño a Rumbo, na intersección da estrada AC-523 coa vía provincial DP-3102, é unha zona con problemas de seguridade para a circulación peonil, que é previsíbel que empeoren coa eliminación da rotonda (que figura no proxecto da construción do centro formativo British International School), debido á velocidade dos vehículos que circulan por ela. Desde que existe esta rotonda, en 2012, reduciuse de xeito significativo o número de accidentes. Porén, a veciñanza está a utilizar esta rotonda para atravesar a estrada, e sería preciso implantar outras medidas de seguridade peonil.

A veciñanza e o Concello de Culleredo solicitan á Xunta de Galiza que non suprima esta rotonda e a creación dun paso seguro nesta estrada. A eliminación da rotonda fará que os vehículos circulen a máis velocidade pola estrada principal, ademais de que a súa utilidade para o cruce é evidente.

As solucións no que respecta á seguridade peonil poden ser diversas, como a instalación dun paso de peóns con semáforo ou dun paso elevado para atravesar a estrada AC-523, mais é urxente que os veciños e veciñas da zona poidan cruzar esta vía de xeito seguro.

O goberno galego é a institución titular da vía, polo que reclamamos que se faga cargo de mellorar a seguridade peonil, con urxencia. En 2011 unha veciña faleceu

Asinado o día 17/07/2025 ás
12:29
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 17/07/2025 ás
12:29
Por Iria Taibo Corsanego





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

atropelada nesta vía, para a que a veciñanza reclama desde hai anos unha maior seguridade. A seguridade peonil é imprescindible para favorecer a mobilidade das persoas que viven na contorna desta vía, que ten un tránsito importante de vehículos, entre eles moitos camións.

Nos pasados días, o goberno galego anunciou vai pór en marcha medidas de seguridade viaria, polo que consideramos que é preciso informar a veciñanza de cales van ser exactamente as medidas e en que prazo se van executar.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Manter a rotonda que une a estrada provincial AC-523 coa DP-3102, titularidade do goberno galego.
2. Facer un estudo sobre a seguridade viaria, especialmente centrado na peonil.
3. Implantar medidas de seguridade viaria na estrada AC-523 para os peóns.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 17/07/2025 12:29:41

Luis Bará Torres na data 17/07/2025 12:29:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 12:30:39
Nº Rexistro: 28968
Data envío: 17/07/2025 12:30:39.615

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 12:30:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 12:30:39
Nº Rexistro: 28968
Data envío: 17/07/2025 12:30:39.615

CSV: BOPGDSPG-v4pNDZGV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

